



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.

Curso Académico: Curso 2020-2021

[■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)

[■ Cumprimento do proxecto establecido](#)

■ Dimensión 1. A xestión do título

[■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)

[■ Criterio 2. Información e transparencia](#)

[■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)

■ Dimensión 2. Recursos humanos

[■ Criterio 4. Recursos Humanos](#)

[■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

[■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)

[■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)

[■ Modificacións do plan de estudos](#)

[■ Listaxe de evidencias e indicadores](#)

■ Plan de Melloras

■ Abertas Curso 2020-2021

■ Criterio 1 - Organización e desenvolvemento

MEM-1

| <u>1. DATOS DO TÍTULO</u> | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos. |
| Mencións/Especialidades | ----- |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | ----- |
| Centro responsable | Facultade de Filoloxía |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Filoloxía e Facultade de Xeografía e Historia |
| Rama de coñecemento | Artes e Humanidades |
| Número de créditos | 60 ECTS |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2009/2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 06/07/2009 |
| Data renovación acreditación | 25/06/2019 |

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título xurdiu como unha oferta académica exclusiva no SUG e dende a súa implantación ata o momento actual amosou unha fortaleza que lle permitiu consolidarse definitivamente como titulación de referencia no ámbito dos Estudos Medievais. O seu carácter interdisciplinar e interfacultativo (impártese tanto na Facultade de Filoloxía como na de Xeografía e Historia) segue estando plenamente vixente, como se pode constatar no perfil de ingreso dos estudantes e no cadro de persoal docente das distintas materias que conforman o Mestrado.

O obxectivo principal da titulación de estudar a Idade Media desde unha perspectiva interdisciplinar, na que as orientacións histórica, social, artística e literaria sexan abordadas en conxunto, é un dos valores máis destacados do Mestrado e mantén o interese para os alumnos dos diferentes ámbitos das Humanidades, pois ao tempo que complementan a súa formación tamén profundan en liñas de investigación – sobre todo a través da oferta ampla de materias optativas - que poderán ser continuadas posteriormente no Programa de Doutoramento en Estudos Medievais. Devandito programa recolle os obxectivos do Mestrado que lle permiten ao egresado poder adquirir o nivel máis alto de capacitación investigadora a partir das ferramentas proporcionadas previamente nos estudos do Mestrado. De feito, constátase que, a pesar da situación adversa de falta de apoio financeiro á investigación, os egresados inscribíense neste Programa de Doutoramento continuando cos títulos e con proxectos de investigación que gardan relación directa na maioría dos casos coas liñas de traballo iniciadas nos seus TFMs. Mentres que no curso 2019-2020 foran 5 egresados deste Mestrado os que, dentro do Doutoramento en Estudos Medievais, defenderon a súa tese ao longo do devandito curso, no curso 2020-2021 o número de estudantes egresados desta titulación que remataron a súa etapa de tese ascendeu a 4. Porén, hai que ter en conta que no ano 2020 debido á pandemia moitas das investigacións se ralentizaron, e algúns doutorandos tiveron que pedir prórrogas ao non poder rematar as súas teses.

A diversidade de titulacións dos estudantes matriculados e a procedencia de estudantes de universidades distintas da USC demostran que a oferta de estudos está totalmente consolidada e esperta un claro interese entre a comunidade estudiantil. A tendencia ascendente que amosou o número de matriculados no curso 2019-2020, alcanzando a cifra de 18 estudantes de nova matrícula, confirmase no curso 2020-2021, no que se cubriu ao completo a oferta de matrícula con 25 estudantes de novo ingreso (IN03M). Isto supón un aumento na taxa de primeira matrícula do 38,89% con respecto ao curso anterior (IN05M). Como en anos anteriores, a preinscripción de alumnos -antes de que se abra o prazo de matrícula- cobre a totalidade das prazas, o que indica que os obxectivos e os contidos do título son interesantes e resultan atractivos. Cabe destacar tamén o lixeiro aumento da porcentaxe sobre o total de matriculados dos estudantes estranxeiros: un 12,12% fronte ao 12% no curso 2019-2020 (IN08M).

A memoria inicial previa unha media de matrícula de 10 alumnos por curso académico nos primeiros anos, se ben se mostraba a disposición favorable a acoller grupos de 15. Así foi durante o curso 2009-10, en que se matricularon un total de 17 alumnos a tempo completo. No curso 2010-11, en cambio, o número de matriculados descendeu a 13. No curso 2011-2012, porén, a demanda experimentou de novo un ascenso que superou a oferta prevista, ata o punto de que a Comisión decidiu solicitar unha ampliación no número de alumnos de novo ingreso de 20 a 25, dado que había 24 solicitudes de inscrición, que se traduciron logo nun total de 23 matriculados. No curso 2012-13 produciuse un novo descenso de demanda e os alumnos matriculados foron 14. No curso 2013-14 volveu subir ese número ata 23 e ese ascenso viuse confirmado, de novo, no 2014-2015, con 26 alumnos de inicio de estudos. No curso 2015-16 a matrícula de novo ingreso baixou a 14 estudantes, e no 2016-2017 a 11, chegando en 2017-2018 a tan só 10. Dende entón esta tendencia ao descenso de matriculados revertiuse por completo. Así, no curso 2018-

2019 o Mestrado contou con 19 matriculados, cifra que se superou en 2019-2020 cun total de 25 matriculados e tamén no curso 2020-2021, no que o número de alumnos matriculados ascendeu a 33. Esta traxectoria positiva é unha evidente mostra da consolidación da titulación na oferta de estudos da USC e como referente en todo o estado español (IN02M).

O número de prazas ofertadas no curso 2020-2021 non experimentou ningunha variación respecto ao curso 2019-2020, manténdose en 24. Observando a evolución da taxa de ocupación dende o curso 2015-2016, amósase, logo dun descenso da devandita taxa nos tres primeiros cursos académicos, un evidente incremento nos tres últimos: mentres que nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 fora do 50%, do 39,29% e do 35,71% respectivamente, no curso 2018-2019 acadou o 69,23%, no 2019-2020 o 75% e no 2020-2021, curso obxecto deste informe pasou ao 104,71%, superando desta maneira a cifra real de matriculados de novo ingreso (25) a oferta inicial de prazas (24) [vid. IN12M]. Ben é certo que na interpretación correcta desta taxa de ocupación máis elevada débese ter en conta a diminución progresiva no número de prazas ofertadas, pasando das 28 ofertadas nos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018 a 26 no curso 2018-2019 e finalmente a 24 nos cursos 2019-2020 e 2020-2021. Porén, a coordinación do Mestrado considera que este mínimo descenso na oferta foi unha decisión acertada, pois axudou a optimizar a porcentaxe de ocupación e adaptala á demanda real do estudantado. Ademais, hai que engadir que a oferta de 24 prazas é un número máis que razoable no marco dunha titulación de Mestrado en Estudos Medievais.

Como datos positivos da valoración do Mestrado, cómpre destacar que o título segue a ser atractivo para os estudantes de fóra da institución da USC e de Galicia. Mentres que no curso 2019-2020 o número de estudantes sobre o total de matriculados fora dun 16 %, no curso 2020-2021 esta cifra experimenta un incremento ata o 21,21% (IN09M). Porén, cabe destacar tamén que estas porcentaxes son inferiores ás dos anos precedentes, pois tanto no curso 2016-2017 coma no curso 2017-2018 a taxa de matriculados de estudantes nacionais de fóra de Galiza sobre o total fora dun 25% e dun 26,67%, respectivamente, taxa que incluso se superou no curso 2018-2019 cun 31,58%. Parece, polo tanto, que o descenso que se produciu no curso 2019-2020 foi algo puntual, pois pese ás dificultades que marcaron o desenvolvemento do curso 2020-2021 por mor da pandemia da COVID-19, os estudantes de fóra de Galiza mostraron de novo un interese destacable en matricularse no título.

Se ben a nota media de acceso no curso 2020-2021 cun 7,23 segue estando por enriba de 7, percíbese un lixeiro descenso da mesma dende o curso 2016-2017. Nese curso a media fora de 7,70, no curso 2017-2018 foi dun 7,66, no 2018-2019 dun 7,63 e finalmente no 2019-2020 dun 7,56. Este descenso pouco significativo garda relación seguramente co aumento constante do matriculados, o que confirma a boa acollida do título entre os estudantes que teñen interese pola Idade Media e que queren continuar a súa formación neste ámbito.

A web da Facultade de Filoloxía (<http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/index.html>) e sobre todo a web propia do mestrado (<https://www.usc.gal/filrom/teaching/master/?lang=es>) reflicten a actualización permanente e regular de contidos. A coordinación é a encargada de velar pola posta ao día de todos os aspectos novedosos, mantendo un contacto constante co xestor da páxina web, quen se encarga de introducir os datos a actualizar. En todo momento, desde a coordinación do mestrado e desde o centro, faise un gran esforzo anual en verter toda a documentación e indicacións do curso, posto que se constata que son páxinas moi consultadas (sobre todo a web propia). De feito, os alumnos procedentes de fóra da comunidade autónoma de Galiza teñen coñecemento do título a través da visualización destas páxinas. Despois da proposta da AM-4 do autoinforme 2016-2017, no 2018-2019 comezou e desenvolveuse no 2019-2020 o labor de traducir ao castelán a páxina do título (criterio 2.1), dando resposta así á conveniente difusión do título a un maior público interesado.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- O Mestrado consta dun total de 60 créditos ECTS, distribuídos en 2 cuatrimestres. No primeiro cuatrimestre o estudiantado debe cursar 5 materias obrigatorias de 6 ECTS cada unha, mentres que no segundo cuatrimestre ofértanse 7 materias optativas de 6 ECTS e o programa de prácticas externas que equivale a unha materia optativa. Neste caso o estudiantado ten dúas opcións: ou ben cursar 3 materias optativas ou ben 2 materias optativas máis o programa das prácticas externas nunha das entidades que colaboran co Mestrado. No primeiro cuatrimestre o estudiantado recibe unha formación integral de metodoloxía, historia, arte e literatura na Idade Media; o segundo profunda en aspectos específicos que sexan do interese dos alumnos con enfoques interdisciplinares e transversais e, ao mesmo tempo, fundamentais na Idade Media, como a escritura e a evolución da cultura escrita, a relixiosidade e a espiritualidade do home medieval, o sistema político imperante do feudalismo, a persistencia do mundo clásico, os grandes mitos que se constrúen ou os viaxes e peregrinacións que percorren a literatura. O estudiantado que opta polas prácticas externas ten a oportunidade de introducirse na actividade profesional relacionada co mundo medieval en entidades ou centros especializados nos estudos medievais, ubicados na cidade de Santiago de Compostela ou tamén nos grupos de investigación, cuxos membros imparten clases no título. Coa finalidade de ofertar ao estudiantado un abano de institucións cada vez máis atractivo, o Mestrado seguirá esforzándose por ampliar o número de empresas e centros que queiran colaborar nas prácticas do título.

Cada materia ten deseñada a súa Guía Docente completa, na que se contempla o sentido da materia no proceso formativo do Mestrado, os obxectivos específicos, os contidos teóricos e prácticos, unha abundante bibliografía (primaria e complementaria), as competencias, a metodoloxía, o sistema de avaliación e algunhas recomendacións útiles como unha breve guía de elaboración dun traballo monográfico para que o alumno teña coñecemento dunhas sucintas normas para artellar un correcto traballo académico. No curso 2020-2021 a Comisión do Título decidiu continuar coa elaboración desta Guía Docente, pois resulta unha ferramenta de información e orientación moi útil para o estudiantado, aínda que nas demais titulacións da Facultade e Filoloxía xa se abandonou a elaboración destas guías.

Confírmase tamén como adecuada e ampla a oferta de materias optativas (7 materias, como se sinalou antes, xunto co programa de prácticas externas), suficientemente completa e variada para dar cabida aos principais aspectos de interese dos estudos medievais. A matrícula de estudantes en cadansúa materia depende lóxicamente dos seus intereses formativos e investigadores, dando lugar a lixeiras fluctuacións no número de matriculados entre unhas e outras. No ano académico obxecto deste informe o número de matriculados nas materias optativas (incluído as prácticas externas) foi como segue: "Mitosis e Figuras no Imaxinario Medieval" (17 matriculados); "A Igrexa e a Espiritualidade Medieval" (13); o Programa de prácticas externas (13); "Viaxes e Peregrinacións" (10); "Feudalismo, Territorio e Poder" (9); "O Mundo Clásico na Idade Media" (7); e "A Escritura e o Escrito na Idade Media" (3); e "Sociedade Medieval e Cultura Cortés" (2)". De todos xeitos, as variacións non son significativas, manifestándose unha tendencia ao equilibrio na evolución dos últimos anos. Máis aló do interese formativo e da orientación investigadora do estudiantado, compre ter en conta que nalgúns casos os estudantes elixen as materias optativas tamén en función do calendario (sobre todo, advírtese certa preferencia por aquelas materias que se imparten nos primeiros meses do segundo cuatrimestre). Precisamente para evitar distorsións, cada ano vaise rotando a temporalidade das optativas desta segunda parte do curso académico, ao tempo que no caso das prácticas externas téntase que se desenvolvan a partires do mes de abril, período no que o estudiantado xa case rematou a docencia das materias optativas, o que lle permite dedicarse case en exclusiva ao desenvolvemento das prácticas, así como ao remate dos seus traballos académicos (traballos de materias e TFM).

O réxime de estudos continúa sendo presencial e en casos debidamente xustificadas está prevista a posibilidade de dispensa oficial de asistencia ás actividades presenciais, adaptando o sistema de avaliación a esta situación, tal e como se recolle na programación de todas as materias. No curso 2020-2021 houbo tres solicitudes de dispensa oficial de asistencia a clases, aprobadas pola Comisión do Título. A supervisión dos criterios de avaliación para o estudiantado con dispensa oficial corre a cargo dos coordinadores das materias. Tamén existe a posibilidade de matrícula a tempo parcial, á que se vén acollendo algún estudante cada curso. No curso 2020-2021 foi un estudante o que se acolleu a esta posibilidade (vid.

Acta da reunión do 13/10/2020).

No que atinxe á organización e ao desenvolvemento da docencia, compre ter en conta as circunstancias excepcionais e complexas xeradas pola pandemia da COVID-19 durante o curso 2020-2021 que obrigaron ás autoridades tanto gubernamentais como universitarias a adoptar medidas de restrición que condicionaron a vida universitaria. Aínda así, o bo labor realizado neste sentido polo equipo decanal da Facultade de Filoloxía permitiu que as clases se puidesen impartir de maneira presencial durante case todo o curso, a excepción do inicio do segundo cuatrimestre, cando as autoridades gubernamentais decretaron a suspensión da actividade presencial durante todo o mes de febreiro. Esta circunstancia obrigou a recurrir ás ferramentas institucionais (Campus Virtual e plataforma MS Teams) para impartir docencia virtual nas materias optativas programadas para a primeira parte do segundo cuatrimestre. As clases presenciais reanudáronse finalmente a principios de marzo. Debido á crise sanitaria, a Comisión académica do Título propuxo que a docencia presencial se transmitira durante todo o curso 2020-2021 tamén a través da plataforma MS Teams para aqueles estudantes que por razóns debidamente xustificadas non puidesen asistir ás clases. A proposta tivo moi boa acollida por parte do estudantado e foi secundada pola totalidade do profesorado.

Os sistemas de avaliación teñen en conta as características dos contidos das materias e son adaptados a estes. O número de estudantes co que conta o Mestrado permite que se poidan planificar actividades variadas e que as metodoloxías docentes poidan ter en conta un seguimento máis personalizado. As competencias reafírmanse, ademais, coa diversidade de formación do estudantado e a súa transversalidade. A media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas) no curso 2020-2021 foi de 26, o que supuxo un incremento con respecto aos dous anos anteriores 2018-2019 e 2019-2020, nos que foi de 17,00 e 19,80, respectivamente (IN55M). Por outra banda, a media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) tamén aumentou no curso 2020-2021, acadando un valor de 8,71, mentres que nos cursos 2018-2019 e 2019-2020 fora de 7,43 e 6,43, respectivamente.

Polo que respecta á media de estudantes por grupo de docencia interactiva, esta é de 15,92 estudantes por grupo, o que supón un certo incremento respecto ao curso anterior, no que foi de 12 alumnos por grupo (IN32M). A taxa do curso 2020-2021 nos grupos de docencia interactiva sitúa a media do Mestrado por enriba da media da USC (12,80 estudantes por curso). Aínda así, segue a ser unha taxa razoable para poder desenvolver unha docencia de calidade nas materias do Mestrado.

As linguas nas que se imparten as clases no título seguen sendo o galego e o castelán, aínda que tamén se admiten outras linguas - por exemplo, para a redacción dos traballos das materias - no caso de estudantes de procedencia estranxeira. Este aspecto está moi coidado e resulta enriquecedor. Nunca houbo ningunha queixa ao respecto, a pesar de que, como se comentou antes, participan no título un índice constante de alumnos de fóra da comunidade galega.

O plan continúa a desenvolverse segundo os parámetros establecidos. As áreas implicadas fan un esforzo importante de coordinación, non só porque están implicadas dúas Facultades na oferta do título, tanto nas materias obrigatorias como nas optativas, senón tamén porque se fai se procura manter todos os programas malia as baixas de certos profesores por xubilación.

Máis aló da formación que ofrecen as materias do Mestrado, dende a Comisión do Título, e tamén a iniciativa do profesorado, organízanse viaxes de estudos e visitas a bibliotecas, a museos e a arquivos, así como cursos complementarios sobre aspectos relacionados cos estudos medievais. Neste sentido no curso 2020-2021 (en concreto, a principios de novembro de 2020) o Mestrado ofertou un curso sobre 'Ferramentas Dixitais aplicadas aos Estudos Medievais' que foi impartido pola empresa de historia. Cultura · Historia · Patrimonio, con sede en Santiago de Compostela. Esta actividade suscitou un notable interese entre o estudantado do Mestrado, o que fai recomendable que o curso teña continuidade nos anos sucesivos. Cabe mencionar aquí que a actividade foi financiada pola Facultade de Filoloxía que destina anualmente unha certa cantidade do seu orzamento a actividades dos Mestrados que vaian encamiñadas a incrementar a calidade da oferta académica e formativa destes estudos. A proposta do estudantado, despois da última edición do curso en novembro de 2021 a coordinación decidiu entregar un certificado de asistencia.

No que atinxe ás prácticas externas, o estudantado que se matricula neste programa pode optar por ampliar a súa formación de carácter máis profesionalizante a partires de institucións coma o Museo da Catedral de Santiago e o Arquivo-Biblioteca da mesma catedral, a Biblioteca da Provincia Franciscana, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento-CSIC, o Centro Ramón Piñeiro de investigación en humanidades, o Servizo de Publicacións da USC, ou os distintos grupos de investigación representados no Mestrado.

Este foi o cuarto curso no que se ofertaron prácticas externas, programa ao que se acolleron 13 dos alumnos matriculados, o que supuxo de novo un incremento sustancial con respecto ao ano anterior, ao participaren o 76,19% dos estudantes egresados nun curso académico. Nos anos anteriores esta porcentaxe fora dun 38,46% en 2017-18, dun 23,08% en 2018-2019 e dun 40% no curso 2019-2020. O aumento do número de estudantes é sen lugar a dúbidas un claro indicador do interese que despertan as prácticas entre o estudantado e da idoneidade dos centros,

institucións e grupos de investigación colaboradores. Cabe mencionar que, por primeira vez e debido a alta demanda, non todos os estudantes que solicitaron praza puideron finalmente realizar as prácticas nalgún dos centros. Para evitar esta situación a coordinación decidiu ampliar a oferta cunha praza máis na Biblioteca Franciscana e dúas prazas no Arquivo Franciscano, centro que se incorpora á oferta do Mestrado. A colaboración con estas dúas dependencias da Provincia Franciscana é posible grazas ao convenio que a Facultade de Xeografía e Historia asinou con esta institución (en xullo do 2020) para todas as titulacións que se imparten nese centro da USC, o que inclúe tamén o Mestrado de Estudos Medievais

Os 13 alumnos do curso 2020-2021 optaron por realizar as súas prácticas no Museo-Fundación da Catedral de Santiago (1 praza), no Arquivo-Biblioteca da Catedral (2 prazas), no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (1 praza), na Biblioteca Franciscana (1 praza), no centro 'Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades' (2 prazas), no Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da USC (2 prazas), no Grupo de investigación-1507 'Medievalismo' (1 praza), no GI-1548 'Sociedade Medieval' (1 praza), no GI-1908 'Estudios Clásicos e Medievais' (1 praza) e no GI-1920 'Textos e contextos alemáns: sincronía e diacronía' (1 praza). A praza do Instituto de Estudos Galegos 'Padre Sarmiento' adxudicada nun principio, finalmente quedou deserta porque o centro non puido confirmar con suficiente antelación a posibilidade de realizar as prácticas por mor das circunstancias difíciles derivadas da pandemia. Ante esta situación o estudante destinatario de praza optou por renunciar a ela e matricularse nunha terceira materia optativa. Se ben todas as prácticas se puideron desenvolver con certa normalidade, a organización e execución das mesmas no curso 2020-2021 volveu ser máis complexa do que sería desexable debido á crise sanitaria xerada pola COVID-19. Para a análise da evolución das prácticas externas desenvolvéronse mecanismos de seguimento a través da elaboración de formularios para as cualificacións dos títulos académicos e títulos profesionais, así como para a elaboración da memoria de prácticas dos estudantes. No curso 2020-2021 estes formularios foron actualizados, como é habitual, polo coordinador das prácticas externas e están dispoñibles na [web propia](#) do Mestrado para as persoas interesadas.

-Os estudantes do Mestrado non participan en programas de mobilidade, dado que non se contempla esta opción para os Mestrados de 60 créditos ECTS.

No que atinxe á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados, no curso 2020-2021 non se acolleron estudantes de este tipo no título, mentres que no curso 2019-2020 supuxeran un 4% sobre o total 4. Se nos remontamos ao inicio da serie con datos dispoñibles para este informe, no curso 2015-16 rexistrouse un 4,35% no conxunto, e no curso 2017-2018 a taxa foi dun 13,33% sobre o total, mentres que nos cursos 2016-27 e 2018-2019 non houbo alumnos de mobilidade no Mestrado.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Coordinación e a Comisión do Título do Mestrado, na que están representadas un gran número de áreas, vela polo cumprimento dos programas e guías docentes das materias para que o seu contido se axeite ás competencias específicas deseñadas na memoria do título. Ademais, está pendente de cuestións particulares como o equilibrio de carga de traballo entre as materias, a planificación da entrega de traballos monográficos para que non existan solapamentos, datas de avaliacións, o cumprimento do horario de clases fixado, etc., buscando a proporcionalidade entre as materias e un reparto equilibrado da carga de traballo en determinados períodos do curso. A colaboración entre alumnos e os coordinadores das materias é fluída, o que permite resolver os problemas puntuais que poidan xurdir. A tal efecto, as actas de reunións levantadas regularmente dan conta das decisións tomadas. Nelas pode verse como se abordaron propostas de actividades de formación para os alumnos, o proceso no deseño da oferta de prácticas ou o seguimento das accións de mellora. Para o traslado dos intereses e inquietudes do estudiantado, a Comisión do Título conta con dous representantes dese colectivo que presentan o seu punto de vista e as propostas de mellora a fin de que a Comisión as poida estudar. Neste sentido no curso 2020-2021 a Comisión acordou aprobar unha data única de entrega dos traballos nas materias do primeiro cuatrimestre para así propiciar unha distribución da carga de traballo máis axeitada durante o período de clases do primeiro cuatrimestre (**vid. Anexo III: Acta da reunión da Comisión do Título do 19/01/2021**).

Anexo III: Acta da reunión da Comisión do Título do 19/01/2021.

Pola súa parte, os coordinadores das materias tratan de conxugar os contidos dos distintos profesores que imparten docencia en cada unha delas, de xeito que exista unha auténtica interdisciplinaridade entre todas as áreas que participan, pois en todas as materias optativas e mesmo en parte das obrigatorias comparten docencia distintas áreas de Filoloxía e as áreas de Historia da Arte, Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas. Desta maneira conséguese tamén que haxa comunicación regular e fluída entre os profesores. Ademais, dada a diversidade de formación dos estudantes, os coordinadores deben atender aos casos particulares dos mesmos. Na súa función de velar sempre polo correcto funcionamento das materias, os coordinadores tamén se encargan de aportar solucións ante calquera problema puntual que poida xurdirlle a algún docente en determinados momentos (baixas médicas, asistencia a obrigas oficiais, etc.).

En calquera caso, cabe resaltar que existe unha inquietude constante dentro do equipo docente do Mestrado para que a coordinación entre materias sexa aínda máis fluída e cohesionada. De feito, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación que alcanza unha valoración global moi positiva cun 4.23, chama a atención que o ítem 'As e os docentes estamos coordinados na organización do título' é un dos dous ítems con menor puntuación cun 3.77 (INF-23). Aínda que non se pode falar dunha valoración baixa, si pode revelar a necesidade de mellorar certos aspectos na coordinación. Para poder coñecer a opinión e os puntos de vista do profesorado no que atinxe a aqueles factores susceptibles de mellora para unha óptima coordinación entre materias, a coordinación convoca ao menos unha reunión anual que se celebra antes da elaboración das programacións docentes e na que participan todos os coordinadores das materias que integran a titulación a fin de harmonizar os contidos, as metodoloxías e os sistemas de avaliación previstos no plan de estudos.

Como xa se mencionou ao inicio deste punto, a Comisión de Título conta con dous representantes de alumnos. Procúrase que na medida do posible cada un pertenza a un dos dous centros nos que se imparte a titulación (un de Filoloxía e outro de Xeografía e Historia), pois isto facilita as canles de comunicación e apoio aos estudantes que teñen unha formación de procedencia diversa, e permite transmitir de primeira man e de xeito rápido aos compañeiros os acordos adoptados nas Comisións. Nesta mesma liña, desde a coordinación, tanto nos cursos pasados como no 2020-2021, obxecto deste informe, envíanse correos informativos e aclaratorios a todo o alumnado, de xeito que ademais dos seus propios representantes que os informan, contén igualmente cun resumo dos temas que lle incumben directamente e con información completa sobre as actividades de interese que se organizan no marco do Mestrado ou nos centros nos que se imparte a titulación. A transparencia informativa reflíctese tamén na inclusión sistemática na páxina web daqueles acordos e cuestións máis destacadas tratadas pola Comisión de Título, así como dun resumo das propias actas das reunións (véxase a [web propia](#) do Mestrado).

A coordinación entre as dúas Facultades implicadas segue realizándose de forma efectiva tanto a nivel do espazo para impartir clases como a nivel de convocatoria de reunións, e incluso na defensa presencial dos TFMs ante o tribunal único, na que están sempre representadas as tres áreas fundamentais de Historia, Arte e Filoloxía. Ao mesmo tempo, o funcionamento da coordinación rotatoria entre os dous centros segue a ser satisfactorio como sistema que rexe a elección do coordinador. Despois da alteración puntual que se produciu coa substitución dun coordinador por outro por razóns persoais no bienio 2015-2017 – nesa ocasión o prof. José M. Andrade Cernadas foi substituído no segundo ano polo prof. Israel Sanmartín Barros, aínda que ambos pertencentes á mesma área de Historia Medieval – no seguinte bienio 2017-2019 a coordinación recaeu na área de Filoloxía Románica, asumindo o cargo a profa. Esther Corral. No bienio 2019-2021 a coordinación do Mestrado recaeu na Área de Historia de Arte e foi asumida o primeiro ano polo prof. David Chao Castro. Porén, por motivos persoais o profesor Chao Castro presentou a súa dimisión a finais de xullo de 2020 e foi substituído a partir de principios de setembro pola prof.ª M.ª Dolores Barral Rivadulla, tamén da Área de Historia de Arte. No bienio 2021-2023 a coordinación volverá ser asumida por un profesor de Filoloxía, neste caso polo prof. Emilio González Miranda da área de Filoloxía Alemá (vid. **Anexo IV: Acta da reunión da Comisión do Título do 26/07/2021**). Esa coordinación queda completada e integra aos dous centros polo feito de que o secretario pertence sempre á Facultade diferente á do coordinador.

O horario de clases desenvólvese en quenda de tarde nas dúas facultades. As actividades formativas ofrécense, así mesmo, en aulas pertencentes a ambos centros, dependendo do grupo ou do profesor que organice o evento, procurando sempre alternar os espazos. Tanto no segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 como durante todo o curso 2020-2021 o desenvolvemento das aulas estivo condicionado pola situación de crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, que obrigou ás autoridades a tomar distintas medidas de excepcionalidade. Aínda así foi posible manter a presencialidade durante todo o curso. Tan só a principios do segundo cuadrimestre o agravamento da situación sanitaria obrigou á Xunta de Galicia a decretar durante todo o mes de febreiro a suspensión da presencialidade que foi substituída por formas de organización docente telemática, recurrido á plataforma institucional MS Teams e ao Campus Virtual da USC.

A nivel administrativo o Mestrado está adscrito á Facultade de Filoloxía, estando moi presentes os órganos do centro na xestión do título. Neste sentido, é destacable que se asigne ao Mestrado un determinado orzamento para a realización de actividades formativas que completen a preparación dos estudantes, a difusión na web do centro de información sobre o título ou o deseño duns atractivos banners de publicidade – ubicados nas dúas Facultades - que incrementaron a visualización do Mestrado en época xa anterior á pandemia e potenciaron a súa difusión. Estes mecanismos de promoción da difusión do Mestrado foron contemplados en Accións de Mellora dos cursos anteriores.: dado o incremento de alumnos que se experimentou no curso 2019-2020, pero sobre todo no curso 2020-2021, semella que estas accións foron eficaces.

O programa de prácticas externas iniciouse no curso 2017-2018 e continuou cunha tendencia positiva e ascendente no que atinxe ao interese do estudiantado. A coordinación entre o Mestrado e as institucións receptoras resultou moi fluída, en boa medida pola designación dun coordinador xeral entre o PDI do Mestrado para a xestión das prácticas externas -o prof. Emilio González Miranda (vid. o acordo correspondente na acta da reunión do 21/09/2018 da Comisión de Título: https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/calidade/Master_estudios_medievais_europeos/Acordos_comision/Acordos-Comision-MEM-2018-abril-2019.pdf)-, quen se preocupou de unificar todos os criterios e sistemas de intercambio de información e documentación, sendo un apoio clave para os propios titores profesionais e os titores académicos. Unha proba evidente da satisfacción tanto de estudantes como de titores profesionais co desenvolvemento das prácticas son os resultados positivos das enquisas relativas ao curso 2020-2021 (vid. punto 7.2. deste informe), o que parece ratificar a boa coordinación a todos os niveis no programa. Ademais, a nota que acadaron case todos os estudantes- exceptuando un caso - foi de Sobresaliente 9 ou 10. É preciso lembrar aquí que esa cualificación se compón, por unha parte, da avaliación do titor profesional, quen valora o traballo realizado e as competencias acadadas polo estudante no centro de prácticas [5 puntos], por outra parte, da avaliación do titor académico, que se encarga de valorar a memoria elaborada polo estudante unha vez rematado o período de prácticas [5 puntos]).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O perfil de ingreso recomendado vese confirmado pola matrícula do curso 2020-2021. A maioría do alumnado de novo ingreso procede das titulacións base: 11 estudantes do Grao en Historia da Arte, 10 do Grao en Historia, 1 do Grao en Filoloxía Clásica e 1 do Grao en Lingua e Literatura Modernas Polo tanto, existe unha coherencia coa orientación interdisciplinar que se contemplaba na memoria do título. Ademais, matriculáronse dous estudantes que realizaron os seus estudos no estranxeiro.

No que atinxe á procedencia dos estudantes de novo ingreso a maioría deles realizaron os seus estudos de Grao na USC (63,64%), o que supón un lixeiro descenso con respecto ao curso 2019-2020 (68%). O resto dos estudantes proceden da Universidade Autónoma de Barcelona (3), da Universidade de Oviedo (1), da Universidade Nacional de Educación a Distancia (1) e de universidades chinesas (2) (vid. IN13M e INF-16).

Se ben a nota media de acceso no curso 2020-2021 experimentou un descenso con respecto á do curso pasado, en ningún caso se trata dunha variación significativa. De feito, véñense observando lixeiras baixadas dende o curso 2016-2017, pasando do 7.7 nese curso a 7.66 no curso 2017-2018, a 7.63 no curso 2018-2019, a 7.56 no 2019-2020 e finalmente a 7.23 no curso 2020-2021 (IN06M). Isto débese con moita probabilidade ao aumento importante da matrícula nos últimos anos. Ademais, e tal como xa se comentou, o título sempre recibe estudantes estranxeiros – aínda que sexa como sistema complementario dentro do programa de Intercambio Nacional e Internacional –, pois oferta materias que supoñen unha boa opción para perfeccionar e completar os estudos deses alumnos.

Porén, a incorporación a estes estudos nos últimos cursos de estudantes estranxeiros, sobre todo procedentes da China, pon de relevo deficiencias importantes no manexo de calquera das linguas oficiais nas que se imparte o Mestrado, tanto a nivel oral coma escrito. Pese a que contan cunha acreditación do nivel de lingua que se require para poder cursar estudos na USC, na práctica non se confirma o devandito nivel. Máis aló desta circunstancia tamén se observa en ocasións unha falta de coñecementos e ferramentas básicas que son esenciais para poder cursar os estudos neste Mestrado. Para poder comprobar de primeira man o nivel de lingua e os coñecementos cos que contan os estudantes á hora de solicitar praza nesta titulación propónse como acción de mellora a realización dunha entrevista (vid. Anexo I: MEM-1). Esta modificación no sistema de acceso á titulación conlevará ademais un cambio sustancial na memoria do título que deberá ser aprobado polos órganos competentes. Porén, ao atoparse a Facultade de Filoloxía inmersa no proceso de solicitude da acreditación institucional, prevese que este cambio entre en vigor no curso 2022-2023 e que o primeiro curso no que se aplique a entrevista como ferramenta para a admisión de estudantes sexa o 2023-2024.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas e regulamentos aprobados en cursos anteriores e recollidos nos correspondentes informes de seguimento e/ou renovación da acreditación dos títulos, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2020-2021 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

A Xunta da Facultade de Filoloxía aprobou o 24/01/2020 o Regulamento de Réxime Interno da Facultade que foi ratificado polo Consello de Goberno da USC o 07/02/2020. Porén, o devandito Regulamento non se aplicou ata que se realizou a renovación dos membros no curso 2020-2021.

Durante o curso 2018-2019 aprobouse a Modificación do Regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 18/07/2019 e publicado no taboleiro electrónico da USC o 12/09/2019).

Non entrou en vigor ningunha outra normativa ou regulamento de relevancia para o desenvolvemento dos títulos de mestrado.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A difusión do título é adecuada. Por unha parte, como xa se sinalou no criterio 1.1., a información máis xenérica realízase a través das páxinas da USC a da Facultade de Filoloxía (http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/Mestrados/Estudios_medievias/index.html), mentres que para aspectos máis concretos e información máis detallada está a [web propia](#) do Mestrado. Ambas amosan información actualizada e permanente dos aspectos máis relevantes.

Polo que se refire especificamente á Facultade de Filoloxía, por ser o centro ao que está adscrito este Mestrado, é preciso sinalar que a información relevante para todos os grupos de interese actualízase convenientemente e está accesible tanto desde a web xeral da USC como desde a páxina do centro.

A web propia do Mestrado ofrece información máis ampla e precisa sobre o seu contido. Na páxina inicial ofrécese unha introducción xeral á titulación cos datos de contacto do coordinador e do centro ao que está adscrito o Mestrado. Nas restantes pestañas ofrécese información detallada sobre todos os aspectos relevantes da titulación. Así, recóllese a descrición das materias (obrigatorias e optativas) con enlaces ás guías docentes correspondentes á materia en cuestión e coa relación de profesores que imparten cada unha das materias, indicando así mesmo o nome do/-a coordinador/-a. Ademais, explícanse os obxectivos e as competencias especificados na verificación do título do Mestrado: isto non só inclúe os principais obxectivos descritos polo propio Mestrado, senón tamén os que se reproducen de forma máis ampla no MECES –Marco Español de Cualificacións para la Educación Superior-, así como as competencias xerais e específicas. Tamén se detallan os criterios de selección, a matrícula (número, prazos e prezos), toda a información relevante sobre a elaboración e presentación do TFM, os horarios das materias, os membros da Comisión do Título e, finalmente, unha extensa documentación na que a persoa interesada pode consultar información interna (sobre o proceso de verificación do título, o proceso de seguimento ou de acreditación, o regulamento de réxime interno do mestrado ou o sistema de garantía, entre outros documentos). A páxina conta incluso cun historial no que se recolle documentación antiga que permite revisións e comparacións entre cursos. Para unha maior difusión, boa parte da páxina web propia foi vertida ao castelán, para facilitar o acceso á mesma aos estudantes de fóra da Galiza así como aos extranxeiros e propiciar deste xeito unha maior difusión do propio Mestrado a nivel nacional e internacional.

Como en anos anteriores, para a acollida aos estudantes ao inicio do curso 2020-2021 organizouse a primeira semana de setembro unha xornada de recepción na Facultade de Xeografía e Historia, na que participou non só a coordinadora do Mestrado, senón tamén todos os coordinadores das materias. O obxectivo desta sesión é informar con detalle sobre os aspectos principais do curso e das características básicas de cada materia, incluídos o programa de prácticas externas e o TFM, así como aclarar as dúbidas que os alumnos desexen resolver sobre calquera cuestión.

Cabe destacar que todos os docentes realizan un importante esforzo por asistir, a fin de facer unha breve presentación da súa materia da que son responsables, incluso achegando material adicional para facilitar o máximo posible a comprensión da súa exposición. É necesario ter en conta que esta presentación é especialmente relevante para o alumnado á hora de inclinarse por unhas materias optativas ou outras de cara ao segundo cuatrimestre, de aí tamén o interese e a importancia

desta sesión informativa de benvida.

Debido á situación de pandemia xerada pola incidencia da COVID-19 no curso 2020-2021 non se editaron trípticos informativos sobre o título con información resumida sobre os aspectos máis relevantes do Mestrado. A recomendación de evitar na medida do posible material impreso que circulara dunhas mans a outras desaconsellou continuar con esta iniciativa. Porén, unha vez superada a crise sanitaria é intención da coordinación volver a elaborar os trípticos a partir do curso 2022-2023 para distribuilos nas Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia, noutros centros do ámbito das Humanidades, así como en reunións científicas nas que participen profesores do Mestrado.

Por outra banda, a facultade de filoloxía organiza anualmente no segundo cuatrimestre unha sesión informativa para os alumnos de 4º curso dos Graos, na que se fai unha presentación da oferta dos Mestrados que se imparten nestes dous centros (vid. 5.1. deste informe). Nesta sesión adoita participar a coordinación do Mestrado para facer unha breve presentación da titulación. No curso 2020-2021 devandita sesión celebrouse o 28 de abril de 2021.

O PAT (Plan de Acción Titorial) da Facultade de Filoloxía recolle o labor realizado desde o centro no que atinxe á orientación dos estudantes. Nel están reflectidas todas as actividades que se levan a cabo durante o curso. Pódense consultar directamente en: http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/outra_informacion/plan_accion_titorial/index.html.

No curso 2016-2017 a Facultade de Filoloxía elaborou pancartas publicitarias de todos os Mestrados que se colocaron de forma moi visible no vestíbulo do centro. Para completar esta iniciativa publicitaria tamén financiou unha pancarta máis para o seu emprazamento na entrada da Facultade de Xeografía e Historia. Desde entón son colocadas en coincidencia cos períodos de información de cara ao curso seguinte.

Outros medios que se seguiron empregando durante o curso 2020-2021 para a difusión de diversa información de interés entre o estudantado foron o Campus Virtual e o correo electrónico, as dúas ferramentas que máis emprega a coordinación para contactar cos estudantes. Unha relevancia especial no curso 2020-2021, tanto para a impartición de clases como para sesións informativas ao estudantado, tívoo a plataforma MS Teams, a cal se convertiu na ferramenta institucional da USC e, polo tanto, nunha das máis usadas polo profesorado.

A coordinación do Mestrado participou nos últimos meses tamén nunha iniciativa de promoción internacional dos Mestrados, impulsada pola Vicerreitoría de Captación Internacional e Titulacións. Aínda que esta actividade se desenvolveu no curso 2021-2022, xa está rematada e, polo tanto, incluímosla neste informe. A iniciativa constou básicamente das seguintes dúas actividades:

Actividade 1: Preparación e gravación de material audiovisual sobre o mestrado (decembro de 2021) para difusión internacional, atendendo ás demandas do estudantado obxectivo. Esta actividade contou con financiamento polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.

Actividade 2: Participación en xornada de portas abertas virtual (22 de febreiro) mediante webinar coa presentación de Mestrados da mesma área de estudos, coa correspondente sesión de preguntas e respostas para resolver dúbidas dos programas ou dos procedementos de admisión internacional dirixidos particularmente a estudantado de América Latina. A materialización da actividade, promocionada a través de mailing a 450K persoas e cun alcance a través de redes sociais de 168.765 e 100.199 nas distintas publicacións, resultou en 1045 persoas, entre as rexistradas e as que participaron sen se ter rexistrado. Ao facer o rexistro 75 mostraron interese na rama de Artes e Humanidades e 2 especificamente na Mestrado en Estudos Medievais Europeos: imaxes, textos e contextos.

O vídeo do Mestrado pode localizarse individualmente aquí: <https://usc-openday-2022.webflow.io/22-febrero>

Respecto á satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible non se pode extraer ningunha conclusión nítida, pois dende o ano 2018-2019 no que os egresados valoraron cun 5 este aspecto, para os seguintes dous cursos non contamos con datos publicados (IN23M). Nesta liña de mellora da difusión da información para que esta poida chegar con

maior éxito a este colectivo, creouse unha lista de distribución, coa intención de que todos os que rematen o Mestrado poidan seguir mantendo un vínculo constante co mesmo, para o cal poderán incorporar o seu correo electrónico á lista de contactos que se irá actualizando ano tras ano. Deste xeito os egresados poderán recibir información puntual de cursos, seminarios, conferencias e actividades diversas que sistematicamente se remiten ao alumnado do curso correspondente. Isto propiciará tamén o mantemento dun contacto habitual con estes egresados, ao favorecer mesmo en ocasións o reencontro persoal, e á súa vez tentando conservar vivo o seu interese e inclinación cara ao maior coñecemento do mundo medieval. Finalmente, quizais se poderá demostrar como unha vía axeitada para favorecer puntuais reenganches no proceso formativo e investigador, a modo de acicate para a incorporación máis tardía ao Doutoramento de Estudos Medievais. Sen esquecer, así mesmo, que este mecanismo tamén abre a posibilidade de recoller información precisa sobre a inserción laboral destes egresados.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGIC da Facultade de Filoloxía foi aprobado na segunda convocatoria da ACSUG (26/04/2010) e o da Facultade de Xeografía e Historia na terceira un ano máis tarde (10/05/2011). Ademais, desde o ano 2013 a USC puxo en marcha a implantación nos centros dunha aplicación informática, denominada AASX, a fin de xestionar de forma máis eficaz os sistemas de calidade. Ao mesmo tempo, levouse a cabo unha revisión do sistema marco dos SGIC despois da experiencia de anos anteriores, cos seguintes obxectivos:

- a) Revisar os procesos, actualizalos e simplificalos.
- b) Facer máis explícita a relación entre o seguimento dos títulos e o sistema de calidade dos centros.
- c) Facer máis explícita a relación de evidencias requiridas especificamente polo SGIC, diferenciándoas das derivadas dos procesos de xestión incluídos no Sistema.
- d) Reducir o número de indicadores.
- e) Integrar nun documento simplificado o contido do manual do SGIC do centro, de forma que sexa doado manexalo, utilízalo e actualízalo.

As dúas Facultades implicadas no título elaboraron e puxeron en marcha tamén no curso 2013-2014 os respectivos Manuais do SGIC, que permiten unha xestión máis áxil de todos os procesos de control da calidade, con aprobación posterior dun manual simplificado por parte da Facultade de Filoloxía (4/02/2015) e da Facultade de Xeografía e Historia (23/03/2015). O Manual do SGC da Facultade de Filoloxía foi actualizado no ano 2020, revisando e simplificando a documentación, suprimindo tamén o Manuel Marco extenso e os procesos e procedemento obsoletos, así como adaptando os procesos ás características do centro. Devandito Manual foi elaborado pola Comisión de Calidade do Centro e aprobado pola Xunta de Facultade o 27/02/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020.

Ademais, tamén se puxo en marcha un manual de procesos e procedementos na Facultade de Filoloxía (aprobado 29/07/2015, con corrección de erros o 1/02/2016). No 2020 acometeuse unha actualización deste Manual de Procesos que foi elaborada pola Comisión de Calidade do centro, e aprobada pola Comisión Permanente do centro o 27/02/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020.

Cabe destacar tamén, que a Facultade de Filoloxía conta un Plan estratéxico Ponte do centro para o bienio 2020-2022 que foi elaborado polo equipo decanal, aprobado pola Comisión de Calidade do centro o 30/11/2020 e aprobado pola Xunta da Facultade o 11/12/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Neste plan faise una reflexión acerca das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas do Centro e recóllense as principais liñas estratéxicas, cos seus obxectivos concretos, na xestión do centro que afectan aos estudantes, persoal docente e persoal de servizos e administración do Centro, así como á sociedade en xeral.

Toda esta documentación pode ser consultada no apartado de "Calidade" da web de cada un dos centros: <http://www.usc.es/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html> e <http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/sgic.html>. Para o

desenvolvemento de todo este procedemento resulta clave a Comisión de Calidade que traballa en cada centro, se ben no caso do noso mestrado é a propia Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía a que coordina todos os aspectos de calidade que inflúen no título e dos que este participa.

Durante o curso 2020-2021, os mecanismos para a recollida de información, análise, proposta de accións de mellora e seguimento das mesmas seguironse e desenvolvéronse segundo o establecido. As comisións de cada un dos títulos, as Comisións de Títulos de Grao/Mestrado e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título en cuestión (vid. actas correspondentes). Naqueles casos en que contan cun calendario de reunións ordinarias, celebraron as sesións previstas. A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>

O regulamento de réxime interno do Mestrado (aprobado 7/11/2011) recolle os aspectos administrativos e de xestión do mesmo, complexos polo seu carácter interdisciplinar, interfacultativo e interdepartamental. A Comisión de Título está formada polos dous Decanos das Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia (e presidida polo Decano de Filoloxía, en aplicación da normativa vixente), dous representantes de estudantes, a xestora académica da Facultade de Filoloxía, a responsable de Calidade da Facultade de Filoloxía e, finalmente, por docentes que representan ás diversas áreas encargadas da docencia. A implicación de todos os membros desta comisión contribúe ao bo funcionamento e xestión do título. Durante o curso 2020-2021 producíronse os correspondentes cambios na composición da Comisión de Título, adaptados ao Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC (CG de 28 de xullo de 2017), sendo precisa a renovación dalgúns dos postos, tal como se deixa constancia nas actas correspondentes ás reunións ordinarias. Os citados cambios limitáronse ao colectivo de estudantes co nomeamento de dous novos representantes para ese curso (vid. Acta da reunión da Comisión do Título do 13/10/2020). Polo demais, no curso 2020-2021 produciuse un cambio na coordinación do Título – logo da dimisión do coordinador David Chao Castro – sendo designada como nova coordinadora a prof.^a de Historia da Arte M.^a Dolores Barral Rivadulla, que á súa vez reemplazou ó prof. Chao Castro na comisión (**vid. Anexo II: Acta da reunión da Comisión do Título do 14/09/2020**).

Aínda que se trata dun título interfacultativo, no que interveñen dúas Facultades, non se considerou necesario crear unha comisión de calidade intercentros, como xa se ten posto de manifesto en anteriores autoinformes. A presenza dos dous decanos e de docentes dos dous centros na Comisión de Título implica xa un control da xestión de calidade do título, trasladándose posteriormente os resultados e acordos á Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía, como centro responsable do mesmo e, en concreto, á Comisión de Calidade como organismo encargado da supervisión e seguimento de todos os procedementos desta índole.

Na web do título figuran os informes de seguimento a partir do curso académico 2009-10 ata o último, curso 2019-2020, os resumos dos principais acordos das actas, así como os informes de avaliación para a renovación da acreditación do título en 2015 e en 2019. Ademais, engadiuse un enlace ao SGIC da Facultade de Filoloxía.

En relación coas enquisas de satisfacción, cómpre destacar o importante esforzo que desde distintas instancias se está a levar a cabo para contribuir ao aumento na participación. A Facultade de Filoloxía pon en marcha en datas próximas á realización das enquisas unha serie de mecanismos con información sobre o proceso de avaliación: na pantalla informativa no vestíbulo, letreros en lugares visibles e o envío de recordatorios a través dunha lista de distribución de correo electrónico do profesorado no que se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Por parte do título, a coordinación tamén utiliza as canles ao seu dispor para insistir na relevancia das enquisas para propoñer accións de mellora que palíen os problemas que se poidan detectar: remítense por correo electrónico mensaxes ao profesorado e aos alumnos, e insístese particularmente aos coordinadores das materias de que estean pendentes de solicitar aos estudantes a participación nas enquisas.

Porén, despois de dous anos, nos que se rexistrou un claro incremento de participación nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, no ano 2020-2021 o índice de participación volveu descender, ademais dun xeito notable (IN48M):

| Curso académico | 2015/2016 | 2016/2017 | 2017/2018 | 2018/2019 | 2019/2020 | 2020/2021 |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Porcentaxe de participación | 45,00 | 76,92 | 53,85 | 82,61 | 83,33 | 37,93 |

Estas fluctuacións no índice de participación entre uns cursos e outros, en principio, non parecen responder a ningún criterio obxectivo que poida ser corrixido, senón máis ben a motivos imprecisos e probablemente casuais. Porén, no curso 2020-2021 si é posible que tivera unha certa influencia a situación de excepcionalidade que se atravesou na universidade e na sociedade en xeral por mor da pandemia causada polo coronavirus, que dalgún xeito desconectou ata certo punto ao estudiantado da actividade académica, algo que non se tivese producido nun contexto de normalidade. Nas reunións da Comisión de Título e de coordinadores das materias os datos das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado son analizados para tratar de atopar solucións para os resultados de valoración máis baixos nos aspectos que poidan ser corrixidos. Ademais, analízanse con detalle os resultados da avaliación docente por parte dos estudantes a fin de identificar calquera desaxuste que puidera terse producido. O resultado positivo desas enquisas é unha mostra do cumprimento desta acción. No curso 2020-2021, ao igual que nos cursos precedentes, insistíuse por parte da coordinación na conveniencia de realizar as enquisas de satisfacción, tanto por parte do alumnado como do propio profesorado, con vistas a poder mellorar e optimizar así o propio mestrado no seu desenvolvemento.

Para a análise dos resultados das distintas enquisas realizadas (participación e valoración) véxase o punto 7.2 deste informe.

En canto ás queixas e reclamacións, desenvolvéronse segundo marca a SGIC e as normas correspondentes. No que respecta a este Mestrado no curso 2020-2021 non se presentou ningunha queixa ou reclamación nin na Oficina de Reclamacións nin na Facultade de Filoloxía. Tampouco se rexistrou ningunha na web propia do mestrado, onde existe un espazo dedicado a suxestións e queixas para que a detección dos problemas se poida realizar de forma rápida e se poidan solucionar o antes posible.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2020-2021 fíxose o seguimento de todos os títulos de Grao e Mestrado adscritos á Facultade seguindo o calendario establecido pola USC. Todos os informes foron aprobados o 15/04/2021 na Comisión de Calidade do Centro.

Polo que se refire á Memoria de Calidade do curso 2019-2020, na que se inclúe o Plan de Melloras a nivel de centro, foi elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e aprobada en reunión ordinaria celebrada o 12/05/2021; logo a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos emitiu o seu Informe Técnico o 24/05/2021 e a Xunta de Facultade do Centro aprobou definitivamente a Memoria o 11/06/2021.

Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos, do curso 2019-2020 e anteriores, son accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de

interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión. Así mesmo, como xa se comentou, na web propia do Mestrado incorpórase unha documentación moi completa sobre todos os procesos de avaliación que tiveron lugar arredor do título desde o seu inicio ata o presente.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se comentou xa no punto 3.1., o Manual de Proceso da Facultade de Filoloxía e o Manual do Sistema de Garantía da Facultade de Filoloxía foron elaborados e aprobados pola Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020, aprobados pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía o 27/02/2020 e finalmente pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 30/09/2020. Así mesmo, elaborouse por parte do equipo decanal do centro un Plan Estratégico Ponte para o bienio 2020-2022, aprobado pola Comisión de Calidade do centro o 30/11/2020, así como pola Xunta da Facultade o 11/12/2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021

Elaborouse un novo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía da USC, aprobado pola Xunta de Facultade o 24/01/2020 e ratificado polo Consello de Goberno o 07/02/2020. No curso 2020-2021, logo da renovación dos membros das comisións delegadas da Xunta de Facultade, comenzo a aplicarse devandito Regulamento.

Á marxe da normativa que afecta directamente aos Mestrados, no curso 2020-2021 tamén se elaborou unha nova normativa de Tránsito de Grao das titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela, que foi aprobada polo Consello de Goberno do 25/02/2021.

Por último, tamén se modificou a Memoria do Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Literaturas Modernas que foi aprobado polo Consello de Goberno do 25/06/2021. O cambio afectou en concreto ao número de créditos mínimo necesario para cursar as prácticas en empresas, que pasou de 150 ECTS a 120 ECTS superados.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Mestrado conta, no curso 2020-2021, coa participación de 27 docentes de 8 áreas de coñecemento distintas: Filoloxía Latina, Filoloxía Catalá, Filoloxía Románica, Filoloxías Galega e Portuguesa, Filoloxía Alemá, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Medieval e Historia da Arte. Con respecto ao curso pasado 2019-2020 o número de profesores redúcese en tres por xubilacións forzosas. Se se fai unha valoración xeral do ciclo do Mestrado, obsérvase unha redución paulatina dos docentes debido a xubilacións e a situacións adversas. Porén, esta circunstancia non repercute na calidade da docencia, posto que a solidariedade entre as áreas e a versatilidade para impartir diversas materias de especialización paliou estas circunstancias desfavorables.

A integración de profesorado altamente cualificado é un dos valores máis relevantes do Mestrado desde a súa posta en marcha. Trátase dun PDI altamente experimentado no campo dos estudos medievais, avalado pola elevada porcentaxe de sexenios obtidos sobre o total do PDI (IN24M): no curso 2020-21 acadou o 91,67%, un valor apenas un punto inferior ao do curso pasado, no que se alcanzou un 92,59%, pero máis elevado que a media da USC (89,11%). En xeral, o porcentaxe de persoal docente e investigador con sexenios sobre o PDI total mantense bastante estable dende o curso 2015-2016, cando alcanzou a taxa máis alta con 93,55%, mentres que o curso coa porcentaxe máis baixa foi o 2017-2018 cun 89,29%. Tamén se ve reforzado este dato polo número importante de proxectos de investigación alcanzados en convocatorias competitivas polo seu corpo docente.

A distribución do persoal docente e investigador por categorías no curso 2020-2021 é a seguinte:

1. 4 Catedráticos/-as de Universidade (14,81%);
2. 13 Profesores/-as Titulares de Universidade (48,15%);
3. 7 Profesores/-as Contratados/-as Doutores/-as (25,93%);
4. 2 Profesores/-as Axudantes Doutores/-as (7,41%);
5. 1 Investigador/-a Programa Juan de la Cierva (3,70%).

Debido ao descenso de docentes mencionado anteriormente, o PDI funcionario tamén decreceu en porcentaxe respecto aos anteriores cursos, sendo actualmente do 65,38% (IN26M). En xeral, obsérvase unha tendencia sostida á baixa deste

porcentaxe se se compara a serie desde o curso 2015-2016. Nese ano a taxa fora do 78,79%, no curso 2016-2017 foi do 73,33%, no 2017-2018 incrementouse lixeiramente ata o 75,86%, para volver descender no curso 2018-2019 ao 72,41 % e no 2019-2020 ao 66,67%. Con todo, segue a estar por enriba da media da USC, na que a taxa é do 60,42%. Cabe destacar tamén que todo o persoal docente do Mestrado é doutor, sendo esta taxa case 10 puntos superior á media da USC que alcanza o 90,13%. Os datos básicos dos profesores poden ser consultados nas guías docentes das materias, mentres que os datos máis completos están accesibles nas webs da [Facultade de Filoloxía](#), na de [Xeografía e Historia](#), e na propia páxina web do [Mestrado](#).

A USC, a través de programa específico de formación e innovación docente (PFID), oferta cursos de formación ao longo de todo o ano académico sobre metodoloxía docente, manexo de distintas ferramentas dixitais para a actividade docente, recursos útiles para aspectos como a avaliación e outros cursos de orientación e actualización no ámbito da docencia. Compre sulñar neste sentido o aumento importante que se produciu nos últimos dous cursos polo que respecta á participación do persoal docente do Mestrado no **Programa de Formación e Innovación Docente da USC** (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>). No curso 2019-2020 participara o 30.00% do profesorado, mentres que no ano 2020-2021 a taxa é moi parecida cun 28.57%. Nos cursos anteriores as porcentaxes foran moi inferiores, pois no curso 2015-2016 esa taxa alcanzara o 20,49%, pero nos seguintes tres cursos mantívose en cifras discretas ou incluso moi baixas (curso 2016-2017: 9.38%; curso 2017-2018: 12.90% e curso 2018-2019: 3.13%). Este incremento da participación nos últimos dous cursos debeuse seguramente aos cursos relacionados coa necesidade de adaptación á docencia non presencial, ao que obrigou a crisis sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19.

A satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2020-2021 é elevada (4.49 sobre 5) e confirma unha tendencia positiva dende o primeiro curso do que dispomos de datos (curso 2015-2016 cunha valoración do 4,33). Desde entón a taxa sempre estivo por enriba de 4 (curso 2016-2017: 4,35; curso 2017-2018: 4,39; curso 2018-2019: 4,29 e curso 2019-2020: 4,46). Destaca o dato do curso 2020-2021 como o máis alto de toda a serie (IN28).

Durante o curso 2020-2021 celebráronse na Facultade de Filoloxía numerosos eventos, que inclúen congresos e simposios, seminarios, conferencias, cursos e xornadas.

Hai que sinalar, así mesmo, que, ao igual que nos anos anteriores, durante o curso 2019-2020, e en coordinación co Programa de Doutoramento en Estudos Medievais, organizáronse diversos eventos nos que participaron profesores que imparten docencia no título, e estudantes como asistentes e incluso comunicantes. As Facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía celebraron, ademais, outras actividades científicas, así como cursos e xornadas, algúns deles presentados como actividades formativas, que foron aproveitados polos alumnos. Moitas destas actividades no curso 2020-2021 tiveron que desenvolverse de maneira virtual a través de plataformas como MS Teams ou Zoom por mor da pandemia.

Polo que se refire aos programas de mobilidade nos que participa o profesorado da Facultade de Filoloxía, unha observación atenta dos datos dos que dispomos dende o curso 2012-2013 (tabla I-10) revela de forma constante unha baixa participación en devanditos programas. De todos xeitos, no que atinxe a estos programas os datos a valorar son moi escasos. Tan só dispoñemos de información para o curso 2012-2013, ano no que participou o 2,50% dun total de 40 docentes do Mestrado; para o curso 2013-2014 cun 5,56% de participación dun total de 36 docentes; para o curso 2014-2015, no que a taxa baixou ao 2,94% de 34 docentes, para o curso 2015-2016, con idénticas cifras que no anterior curso e para o curso 2016-2017 no que a participación foi do 3,13% dun total de 32 profesores. Para os seguintes cursos, incluído o 2020-2021, carecemos de datos para poder facer unha avaliación dos mesmos e extraer algún tipo de conclusión ao respecto. Se ben a mobilidade é un factor importante para a formación continua do profesorado e para establecer lazos de colaboración nacional e internacional, que sen lugar a dúbidas debe ser incentivada, cómpre ter en conta que o calendario académico do SUG moi denso e continuo con un compromiso docente constante desde principios de setembro ata finais de xullo, apenas deixa tempo libre para poder participar neses programas. Con todo, vese que a pesar das dificultades un certo número de docentes fai o esforzo por participar neles.

Ademais, os docentes do Mestrado participaron en diversas accións de mobilidade durante o curso 2020-2021, como asistencia a congresos e a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento ou breves

estancias de investigación en centros nacionais ou internacionais financiadas polos proxectos dos grupos.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento do Mestrado en dúas Facultades ten como consecuencia a implicación de persoal de PAS de dous centros. Porén, ao estar adscrita esta titulación á Facultade de Filoloxía o peso do traballo administrativo e de xestión recae sobre a Xestora dese centro. Hai que destacar tamén que no curso 2020-2021 toda a docencia impartíuse na Facultade de Filoloxía, o que supuxo tamén unha maior implicación do persoal de apoio dese centro. O persoal de Administración e Servizos está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación contractual | Grupo/Categoría |
|----------------|--|----|----------------------|-----------------|
| Administración | Responsable a Unidade de Xestión de Centro e Departamentos | 1 | Funcionario | C1/A2/A1 |
| | Responsable de Asuntos Económicos | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Decanato | 1 | Funcionario | C1 |
| | Secretaría de Departamento | 4 | Funcionario | C1 |
| | Postos base | 3 | Funcionario | C2 |
| Servizos | Responsable do Punto de Atención, Información e Servizos | 1 | Laboral | Grupo 4 |
| | Axudante Técnico de Servizos | 3 | Laboral | Grupo 4 |

O número de persoal de administración é adecuado e cumpre satisfactoriamente coas súas funcións na xestión do título. A participación de todo o persoal é activa e a súa colaboración demóstrase competente e eficaz. A Xestora de Centro da Facultade de Filoloxía é membro da Comisión do Título e participa, polo tanto, tamén nas decisións que se toman dende a Coordinación.

Desde ambos centros, manifestouse no informe do curso 2019-2020 a necesidade de contar cun técnico informático que se encargase do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes. De feito, tamén neste aspecto unha das

recomendacións incorporadas pola comisión avaliadora da renovación da acreditación do mestrado no seu informe provisional con data de 25/06/2019 foi a de “gestionar, a través de la Comisión de Calidad del Centro, la incorporación de un Técnico Informático Especializado para la gestión de los equipos y programas de la Facultad de Filología”. Porén, ata o de agora non se puido conseguir ese persoal de apoio para o mantemento de equipo técnico.

No curso 2020-2021, e grazas ao financiamento da Facultade de Filoloxía, foi posible contar cun técnico informático para a xestión da páxina web do Mestrado. Este persoal poderase manter tamén no curso 2021-2022 por facerse cargo do seu financiamento o grupo de investigación da área de Filoloxía Románica.

No que atinxe á porcentaxe de participación do PAS nos plans de formación no curso 2020-2021, obsérvase un importante descenso con respecto ao curso 2019-2020. Tamén neste caso, todo apunta a que a situación de pandemia e de restricións sanitarias puido ocasionar ese interés menor por participar neses cursos. Fronte ao 66,67% do curso 2019-2020, no curso 2020-2021 só participaou o 43,48%. A satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas no curso 2020-2021 foi idéntica a do ano anterior cunha valoración do 7,64 sobre 10 e mantense en parámetros parecidos dende o 2015-2016, pois nese ano a valoración foi de 3,99 sobre 5, en 2016-2017 de 3,91, en 2017-2018 volveu a ser de 3,99 e en 2018-2019 foi de 7,84 sobre 10. En liñas xerais, pódese afirmar que o PAS mostra unha moderada satisfacción con esas actividades nas que participa. Se se observan os escasos comentarios que o colectivo traslada na enquisa sobre o desempeño de seu traballo durante o periodo de pandemia, no que se suspendeu a actividade presencial, chaman a atención as queixas sobre certas deficiencias informáticas, tecnolóxicas ou de dixitalización de documentación ou sobre a falta de información no que atinxe a competencias dixitais que tería dificultado o desenvolvemento do traballo non presencial.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais, ... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos existentes na USC son adecuados e suficientes para garantir o correcto desenvolvemento das actividades planificadas no mestrado.

A Facultade de Filoloxía ten a súa sede nun edificio situado no Campus Norte da USC, que empezou a funcionar durante o curso 1991-92 e conta cunha infraestrutura ben dotada para o correcto desenvolvemento da actividade docente e investigadora.

Polo que atinxe á Facultade de Xeografía e Historia, o feito de que se trate dun edificio histórico supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante, o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que posibilita a entrada destas persoas. Así mesmo, conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

Hai que sinalar que segue persistindo un problema de aulas na Facultade de Xeografía e Historia, posto que certos cursos do grao seguen a impartirse na quenda de tarde coincidindo en horario cos do mestrado, sendo difícil reservar un espazo fixo para os dous semestres. En cambio, a estrutura horaria da Facultade de Filoloxía permite que as clases

dos graos se realicen pola mañá, reservando a tarde para os mestrados. Polo tanto, neste último centro non se detecta ningún problema referido de espazos.

Por mor da pandemia e as restricións e limitacións de aforo nos interiores dos edificios aprobadas por parte das autoridades para garantir a distancia de seguridade de 1,50 metros entre persoas no interior das aulas, as clases durante o primeiro cuadrimestre do curso 2020-2021 impartíronse exclusivamente na Facultade de Filoloxía, centro que conta con aulas o suficientemente amplas para poder manter a presencialidade total do Mestrado.

Todas as aulas da Facultade de Filoloxía e da Facultade de Xeografía e Historia están equipadas con ordenador, proxector, conexión a internet e cobertura wifi, e algunhas contan tamén con pizarras electrónicas. A pesar da falta de presuposto dos últimos anos, as equipas decanais de ambos centros fan un esforzo importante en manter estes servizos e repoñer o material que se deteriora ou avaría co uso. De feito, no curso 2020-2021, para paliar os efectos adversos que podían provocar as circunstancias excepciónas de crisis sanitaria no desenvolvemento da docencia, na Facultade de Filoloxía dotáronse as aulas de novos equipos dixitais e tecnolóxicos como cañóns ou cámaras portátiles para a transmisión das clases por MS Teams.

Máis aló destas melloras, as actuacións durante o curso 2020-2021 no que respecta á adquisición de equipamento e á realización de obras foron numerosas na Facultade de Filoloxía. Engádesse a continuación unha relación das adquisicións e melloras das infraestruturas que se acometeron nese curso:

- instalación dunha caixa de toma de teléfono no corredor dos gabinetes 409 e 410 (setembro de 2020);
- fabricación e montaxe de 26 soportes de aceiro para suxeición de portas [medidas Covid-19] (setembro de 2020);
- Instalación de 1 toma sinxela para sala Covid na F. Filoloxía. Outra máis no gabinete da vicedecana Rosa Marta Gómez Pato [medidas Covid-19] (setembro de 2020);
- computadora PC e monitor decanato (setembro de 2020);
- subministración de material eléctrico para mantemento de instalacións (setembro de 2020);
- mamparas de protección [medidas Covid-19] (outubro de 2020);
- deseño, elaboración e colocación de paneis de vinilo na facultade [medidas Covid-19] (outubro de 2020);
- obras de impermeabilización na terraza da biblioteca (outubro de 2020);
- proxectores Maxell (outubro de 2020);
- impresora para a biblioteca (outubro de 2020);
- mesa de dirección, caixoneira e estantes, máis 5 bancos de exterior (outubro de 2020);
- instalación de 1 toma dobre para 2 pantallas informativas no hall da facultade (novembro de 2020);
- reparacións diversas no edificio segundo orzamento: substitución baixantes da cuberta, reparación falso teito, pintura en varios espazos da facultade (novembro de 2020);
- revisión e mantemento da megafonía das aulas (novembro de 2020);
- estantes e papeleiras (novembre de 2020);
- micrófonos solapa para docencia (novembro de 2020);
- equipamento informático diverso - 1 computadora de mesa e 3 monitores (novembro de 2020);
- 2 Monitores Samsung QM49R con soporte e instalación no vestíbulo da facultade (novembro de 2020);
- micrófonos sen fíos e amplificadores para a docencia (novembro de 2020);
- substitución vidro roto na aula C01 da Facultade (xaneiro de 2021);
- amplificador para aula (xaneiro de 2021)
- control de pragas na facultade de filoloxía no 2021 (xaneiro de 2021);
- reparación de estores enrolábeis colocados en diversos locais da facultade (febreiro de 2021);
- material de ferraxaría para mantemento na facultade: Barra antipánico para porta (febreiro de 2021);
- traballo de instalación de cabo eléctrico en chan de madeira e posterior arranxo no salón de graos da facultade e arranxo da rampla de acceso (marzo de 2021);

- reparación: Mackioe Onyx Producer 2-2 - Interface de audio USB con 2 entradas e 2 saídas de audio (abril de 2021);
- impresora "Epson Multifunción WorkForce Pro WF-3820DWF" (xuño de 2021);
- obra de instalación de soporte de teito para cámara e canalización para cabos eléctricos na aula C1 (xuño 2021);
- obra de acondicionamento de despachos na zona da Biblioteca da Facultade de Filoloxía (xullo de 2021);

Un servizo fundamental para o mestrado é a Biblioteca da USC coas súas diferentes sedes e os numerosos e útiles servizos e ferramentas como edicións facsimilares de manuscritos, interesantes para os estudantes das distintas áreas de procedencia, incunables e manuscritos necesarios para complementar a docencia dalgúns módulos e un rico fondo bibliográfico.

Na Facultade de Filoloxía, máis aló da excelente biblioteca de edicións e estudos medievais da que se dispón nas áreas de Filoloxía Románica e Latín Medieval, destaca a colección duns 6000 volumes que o medievalista alemán Walter Haug donou á USC.

Ademais, o préstamo interbibliotecario que os alumnos poden utilizar gratuitamente cun límite de 25 documentos é moi útil e beneficioso á hora de solicitar traballos publicados a outras universidades españolas, sobre todo, para traballos importantes que requiren xa dunha bibliografía específica como o TFM.

Polo que se refire aos datos concretos das bibliotecas das Facultades de Xeografía e Historia e Filoloxía, os postos de lectura son suficientes. Na primeira cóntase con 428 prazas e na segunda con 423, aínda que no curso 2020-2021 tamén estes espazos se viron afectados pola limitación dos aforos por mor da crisis sanitaria.

Cómpre sinalar que a dotación bibliográfica (monografías, revistas, etc.) se viu incrementada, non tanto polas adquisicións centralizadas con cargo aos orzamentos da BUSC (que son máis ben escasos) como, sobre todo, polas achegas extraordinarias para a compra de material bibliográfico por parte de varios grupos de investigación dos dous centros implicados na organización do Mestrado, que destinaron parte do seu presuposto á compra de publicacións.

Todo o material bibliográfico recomendado aos alumnos está dispoñible nas bibliotecas da USC. Precisamente o emprego dos recursos materiais e servizos é un dos obxectivos da materia de "Fundamentos metodolóxicos". Os coñecementos que se adquiren nesa materia víronse completados no curso 2020-2021 (ao igual que en anos anteriores) pola organización do curso sobre 'Ferramentas dixitais aplicadas aos Estudos medievais' que no marco do Mestrado organizou a empresa dehistoria.net (vid. punto 1.2. deste informe).

Pola adscrición do Mestrado á Facultade de Filoloxía, recellemos a continuación os datos máis importantes referentes ao curso 2020-2021 (información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade):

FONDOS:

- Total de títulos de monografías: 168.953
- Total de volumes de monografías: 208.895
- Volumes de monografías ingresados. 2.255
- Títulos de publicacións periódicas. 2.584
- Títulos de publicacións periódicas en curso de recepción: 342
- Total de documentos catalogados: monografías 2.255

PRÉSTAMOS

- Volumes prestados no centro: 35.168
- Volumes de Filoloxía prestados na BUSC: 31.596

CURSOS

- 2 cursos impartidos de 50 horas e un total 151 asistentes

PRESENCIA NAS REDES SOCIAIS

- Pinterest, Facebook e Instagram

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA BIBLIOTECA

- O persoal auxiliar da Biblioteca resulta suficiente para desenvolver as súas funcións e atender a todos os usuarios, tanto persoal docente e investigador como aos alumnos.

- O persoal técnico co que conta nestes momentos a Biblioteca, resulta insuficiente para poder ofrecer todos os servizos necesarios, realizar as tarefas propias do posto e que sexa posible levar a cabo todas as melloras que ten previstas a Biblioteca, tanto de apoio a aprendizaxe como no eido do apoio a investigación.

- Na actualidade, na Biblioteca, realízanse tarefas de proceso técnico dos fondos bibliográficos, labores de información, referencia e difusión, así como formación de usuarios e asesoramento ao PDI.

- Todo o persoal da Biblioteca conta co nivel de cualificación esixido.

- A Institución ofrece posibilidades ao persoal da Biblioteca para actualizar os seus coñecementos e mellorar a súa formación, mediante a realización de distintos cursos. O persoal da Biblioteca está composto por

- O persoal da Biblioteca está composto por:

| Rama | Posto | Nº | Relación contractual | Grupo/Categoría |
|------------|-------------------------|----|----------------------|-----------------|
| Biblioteca | Dirección da Biblioteca | 1 | Funcionario | A1/A2/C1 |
| | Axudante Biblioteca | 3 | Funcionario | A2/C1 |
| | Auxiliares Biblioteca | 6 | Funcionario | C1 |

Respecto a orientación académica e profesional do estudiantado da titulación no ano 2020-2021, como xa se dixo no criterio 2 deste informe, celebrouse, ao igual que en anos anteriores a sesión de benvida dos estudantes do Mestrado a principios de setembro, no que se lle ofreceu información sobre a planificación e o contido das materias. Esta sesión é sobre todo importante no que atinxe ás materias do segundo cuatrimestre porque facilita aos alumnos a elección segundo os seus intereses profesionais ou investigadores.

No marco do programa PAT (Plan de Acción Titorial) da Facultade de Filoloxía tamén se organizaron actos e cursos durante o 2020-2021, que son tamén de interese para o estudiantado desta titulación ou para os alumnos que desexen iniciar ou seus estudos nela: en abril de 2021 tivo lugar unha sesión informativa sobre a oferta dos Mestrados do Centro, para o estudiantado que estaba a cursar o último ano de Grao; así mesmo, organizáronse unhas charlas de Área de Orientación Laboral e Emprego dirixidas especificamente ao estudiantado da Facultade de Filoloxía.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As actividades académicas e metodoloxías docentes, así como os sistemas de avaliación e cualificacións mostranse adecuados para avaliar os coñecementos e as competencias adquiridas e poder valorar de maneira axeitada os resultados de aprendizaxe previstos. En todas as materias a exposición teórica do profesorado combínase co comentario de textos e manifestacións artísticas do medievo, o que permite aplicar os coñecementos teóricos aos exercicios prácticos e comprobar o grao de asimilación dos contidos por parte do estudiantado. A avaliación baséase en dous aspectos fundamentais: por unha parte, valórase a participación activa e regular do estudiantado nas clases, por outra parte, a realización dun breve traballo académico (ademais dunha exposición en clase, nalguna materia) no que se reflicte o nivel de redacción e de argumentación académico do estudiantado. Nesta titulación non se realizan exames teóricos, porque se considera que a consolidación dos coñecementos resulta máis efectiva a través da dedicación continuada e prolongada a un traballo, no que se tratan as temáticas das distintas materias do Mestrado.

Os resultados de aprendizaxe son moi satisfactorios e adecúanse ao nivel MECES. Unha proba delo son as boas cualificacións que obteñen os alumnos nas materias e no TFM, a maioría **Sobresaliente** ou **Notable**. Porén, no curso 2020-2021 tamén cómpre sulñar o aumento de **Non presentados**, sobre todo na totalidade das materias obrigatorias do primeiro cuatrimestre (INF 15 – Informe acreditación das materias do plan de estudos). Isto explica tamén a baixada dalgúns indicadores que se detallan a continuación:

Os resultados da aprendizaxe do curso 2020-2021, se ben son similares aos do curso anterior, amosan un descenso polo que respecta á **taxa de rendemento** (76,49% fronte ao 85,71%) e á **taxa de avaliación** (76,87% fronte ao 87,68%). Porén, se se comparan os datos dos dous últimos coa serie desde o curso 2015-2016, obsérvase que a tendencia ascendente ata o curso 2018-2019 interrómpese xa no curso 2019-2020, cando a pandemia da Covid-19 supuxo un grave trastorno para o desenvolvemento da actividade docente (vid. IN34M, IN36M e IN37M, respectivamente):

| | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 |
|------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Taxa de rendemento (%) | 60,00 | 84,75 | 93,16 | 93,14 | 85,71 | 76,49 |
| Taxa de avaliación (%) | 64,24 | 84,75 | 93,16 | 93,71 | 87,68 | 76,87 |

No curso 2020-2021 a incertidume e complexidade da situación sanitaria, sobre todo durante o primeiro cuatrimestre, as diversas restricións impostas (de movemento, de aforos etc.), así como a suspensión da actividade presencial no inicio do segundo cuatrimestre, puideron influir na baixada destes indicadores; parece tratarse, polo tanto, dun retroceso puntual. Unha vez superada a pandemia é de esperar que estes datos volvan a remontar. Aínda así, en ningún caso se pode falar de taxas baixas ou negativas.

Porén, a porcentaxe de estudantes que aproban os seus estudos (**taxa de éxito**, IN35M) no curso 2020-2021 subiu lixeiramente con respecto o curso anterior e sitúase cercana ao 100% (99,51% fronte ao 97,75%). Dende o curso 2015-

2016 este dato estivo sempre por enriba do 90% e confirma que a inmensa maioría do estudiantado supera a totalidade dos créditos aos que se presenta:

| | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 |
|-------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Taxa de éxito (%) | 93,40 | 100,00 | 100,00 | 99,39 | 97,75 | 99,51 |

Unha comparación destes catro indicadores coa media da USC revela que na taxa de rendemento e na taxa de avaliación o Mestrado acadou resultados inferiores aos da universidade no seu conxunto (76,49% e 76,87% na titulación fronte ao 90,08% e 90,98% da universidade, respectivamente), mentres que na taxa de éxito a media do Mestrado resulta ser lixeiramente superior (99,51% fronte ao 99,01%).

Para evitar que o estudiantado non deixe o traballo de TFM para as últimas semanas antes da súa defensa, insísteuse dende hai anos en tentar sortear este problema, facendo un seguimento atento das materias de segundo cuadrimestre así como da presentación do TFM. Desde o primeiro momento trátase de concienciar aos alumnos acerca da necesidade de organizar adecuadamente o seu tempo e de que no caso do TFM deben realizar un plan de traballo pautado co seu director, establecendo un calendario aproximado (realista e factible) e un sistema de traballo acorde co esforzo que vai requirir o TFM. Así mesmo, tamén se pauta un calendario ben axustado para a entrega de traballos e prácticas nas diferentes materias, evitando coincidencias e, á súa vez, tentando que non se solapen unhas materias anteriores con outras posteriores, para que así o alumnado observe unha regularidade e coherencia axeitadas. De feito, e como xa se comentou neste informe, no curso 2020-2021 a Comisión do Título acordou establecer unha data única para a entrega dos traballos nas materias do primeiro cuadrimestre, a fin de que o estudiantado poida organizar de maneira máis axeitada posible o seu tempo de traballo e a asistencia regular ás clases.

Durante o curso 2020-2021 defendéronse 21 TFM, recibindo a cualificación de Sobresaliente un total de 10 estudantes; outros 8 foron cualificados con Notable; 2 recibiron un Aprobado e 1 estudante acadou Matrícula de Honra. Sen dúbidas, son cualificacións moi altas que revelan o bo nivel de preparación e a gran calidade da maioría dos traballos.

Cómpre sinalar que estes traballos son aproveitados por varios estudantes como base de formación e de iniciación dos proxectos de investigación presentados no programa de Doutoramento en Estudos Medievais no curso seguinte, polo que o esforzo levado a cabo por estes alumnos ten a súa continuidade.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou no punto 1.1. deste informe, a matrícula no curso 2020-2021 foi de 33 alumnos (IN02M), dos cales 25 foron de novo ingreso (IN04M). As prazas ofertadas eran 24 (IN01M), polo que a taxa de ocupación foi do 104,17% (IN12M), o que supón un incremento considerable con respecto ao curso anterior, no que a taxa fora dun 75%, pero aínda maior se se compara cos cursos precedentes da serie dende 2015-2016:

| | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 |
|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Total (%) | 50,00 | 39,29 | 35,71 | 69,23 | 75,00 | 104,17 |

Estes datos demostran que foi axeitada a adaptación solicitada pola Comisión de Título ao SXOPRA no concenrente ao número de prazas ofertadas, conseguindo rebaxalas de 28 a 26 no curso 2018-2019 e de 26 a 24 no curso 2019-2020 (vid. a aprobación da solicitude ao SXOPRA desta redución na reunión da Comisión de Título do 12/01/2018, consonte se recolle no resumo da acta que figura en https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/calidade/Master_estudios_medievais_europeos/Acordos_comision/Acordos-Comision-MEM-2017-2018.pdf).

Tamén aumenta a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia que sobre do 16,00% no curso 2019-2020 ao 21,21% no 2020-2021, continuando coa tendencia favorable de impacto entre os alumnos do exterior da comunidade.

Así mesmo, comentouse xa dun xeito pormenorizado no punto 1.1 deste informe dun xeito a matrícula de alumnado estranxeiro, cuxa porcentaxe neste curso 2020-2021 subiu un pouco con respecto ao curso pasado (12,12% fronte a 12,00%). No aumento global de matriculados de fóra da comunidade e do estranxeiro a bo seguro que desempeñou un papel clave a tradución dos contidos da web propia do Mestrado ao castelán.

A nota media de ingreso segue a ser bastante alta neste curso 2020-2021 con 7.23 puntos (IN06M), aínda que ven diminuindo ano tras ano dende o curso 2016-2017, circunstancia que se pode deber ao aumento de matriculados, sobre todo este ano. De todos xeitos, a taxa do curso obxecto deste informe tampouco resulta preocupante, dado que se sitúa por enriba de 7 puntos. En calquera caso, o mantemento desta nota media bastante elevada no acceso por preinscripción segue a amosar a boa acollida que ten o título entre os alumnos con expedientes académicos de puntuacións elevadas que queren completar a súa formación neste eido e depositan a súa confianza neste título para continuar a súa traxectoria académica. Así pois, o título consolídase, malia as características adversas do curso 2020-2021, condicionado por circunstancias moi excepcionais, tendo en conta os diversos parámetros valorados. As cualificacións das materias resultan ser moi satisfactorias e as dos TFM experimentaron unha clara melloría con respecto ás do curso 2019-2020.

Outro dato que compré destacar é a taxa de éxito dos egresados que fronte a 2019-2020, curso no que diminuíra do 100% do 2018-2019 ao 93,17%, volveu a remontar no 2020-2021 ao 98,13% (IN50M). Así mesmo mellora, anque só lixeiramente, con respecto ao 2019-2020 a taxa de eficiencia dos egresados, que acada un 94,59% fronte ao 93,17% do curso anterior (IN53M), aínda que está lonxe do 100% do curso 2018-2019. Coa recuperación da normalidade na actividade académica é de esperar que esta taxa tamén se volva acercar ao 100%.

Porén, a taxa de graduación (IN37M) seguiu este curso 2020-2021 a súa tendencia descendente, pasando do 94,44% do 2019-2020 ao 88,89%. A razón desta diminución hai que buscala igualmente nas circunstancias derivadas da Covid-19, mencionadas xa de maneira reiterada neste

informe.

| | 2015-2016 | 2016-2017 | 2017-2018 | 2018-2019 | 2019-2020 | 2020-2021 |
|------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Taxa de graduación (%) | 88,00 | 57,14 | 90,00 | 100,00 | 94,44 | 88,89 |

Ben é certo que nos cursos anteriores adoitaba superar o 90% ou case acadalo, pero tamén é preciso lembrar que no curso 2014-2015 esa taxa reducírase ao 78,26%, e sobre todo no curso 2016-2017 baixara ata un preocupante 57,14% –, daquela explicado polos índices de dúas materias optativas, cursadas no segundo cuadrimestre, que acadaran só o 60% de porcentaxe de aprobados e que derivaron tamén en 'Non Presentados' no TFM, ao non ter superado o estudantado afectado os créditos correspondentes para a súa defensa. En cambio, hai que destacar como dato positivo que no curso 2020-201 (ao igual que nos dous anteriores) a taxa de abandono RD 1393/2007 foi do 0%, fronte aos cursos 2015-2016, 2016-2017 e 2017-2018, nos que se rexistraron taxas do 8,00%, do 28,57% e do 10%, respectivamente.

En directa relación co anterior está a duración media dos estudos (IN38M), que no curso 2020-2021 foi de 1,29 fronte o curso anterior 2019-2020, no que fora de 1,40. Obsérvase así unha melloría neste indicador que tamén mostra un valor máis positivo que o da media da USC (1,45).

A eficiencia dos titulados (IN39M) durante os primeiros cursos de andadura do Mestrado fora sempre moi positiva: en 2009-10 do 100%; en 2010-11 do 96%; en 2011-12 do 99,06%; en 2012-13 do 98,36%; en 2013-14 do 95,81% e en 2014-15 do 97,35%. Desde entón carecemos de datos actualizados, anque é de supoñer que esta taxa se mantén en valores moi positivos.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Polo que se refire ao nivel da satisfacción tanto por parte do alumnado como dos docentes, o mestrado evoluciona positivamente conforme ao establecido no marco da Memoria verificada.

A valoración da calidade da docencia por parte dos alumnos foi moi positiva neste curso 2020-2021 (vid. IN46M), pois a puntuación acadada de 4.29 é case idéntica á do curso anterior, no que fora de 4.32 puntos sobre 5. Malia que descendeu algo respecto ao curso 2018-2019, no que se acadou a máxima puntuación dende que existen datos cun 4.58, o que se pon de relevo é que a valoración moi positiva da docencia mantense, a pesar dos problemas e cambios que tivo que asumir o alumnado pola pandemia que afectaron a aspectos como o tipo de docencia ou as distintas medidas de restricións que houbo que adoptar. Isto indica que en xeral a valoración da resposta do mestrado á pandemia e o xeito de solucionar os problemas foi axeitada. Tendo en conta ademais a ausencia de problemas nos anos precedentes e que a valoración da calidade só descende en décimas dentro da tendencia positiva na valoración, que parece consolidarse dende fai anos (2016-2017 (4,38); 2017-2018 (4,34) e 2018-2019 (4,58) e 2019-2020 (4.32)), cabe concluir que o título non só cumpre as expectativas docentes deseñadas, senón que se afianza ao longo dos cursos académicos, e con máis forza nos últimos.

Porén, a participación nas enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN48M) experimentou no curso 2020-2021 un descenso acusado, acadando tan só un 37,93% fronte ao dato moi satisfactorio dun 83,33% no 2019-2020, rexistrando o peor dato dende 2015-2016. Porén, consideramos que se trata dunha baixada puntual, pois a evolución en ningún caso confirma unha tendencia descendente. O que si se observa é unha alternancia de anos, nos que o dato é elevado con outros caracterizados por unha baixa participación. Así, no ano 2015-2016 fora dun 45,00%, subiu ao ano seguinte ao 76,92%, volveu baixar ao 53,85% e ascendeu de novo en 2018-2019 ao 82,61%, acadando en 2019-2020 a taxa máis elevada da serie. Aínda que en cursos pasados se teñen tomado medidas para tentar conseguir unha participación regular de todo o estudantado nestas enquisas, resulta moi difícil, pois non existen mecanismos posibles para obrigar a cubrilas. En todo caso, desde a propia universidade e os centros, así como desde a coordinación do mestrado e as coordinacións das materias, faise un esforzo importante todos os anos por incrementar a participación. Para iso foron empregados os medios ao seu alcance, xa sexa mediante recordatorios nas pantallas colocadas nas entradas das Facultades, xa sexa con comunicacións a través de correos electrónicos e incluso insistindo nas propias clases. Ao mesmo tempo, xa se insistiu igualmente na importancia de continuar afondando na necesaria coordinación entre as diferentes materias, para conseguir un desenvolvemento óptimo dos contidos dos programas e guías docentes.

O estudiantado tamén valorou moi positivamente a súa satisfacción coa titulación cun 4.03 sobre 5 (INF-22). Este dato mellora sensiblemente ao do curso 2019-2020, no que a valoración acadou tan só un 3.17. Porén, tamén nesta enquisa a participación do estudiantado descendeu, pois fronte ao 29.17% do curso 2019-2020, neste curso 2020-2021 tan só participou o 14.29%. Tal circunstancia apunta á conveniencia de seguir fomentando con máis insistencia a participación mediante a advertencia reiterada sobre a importancia que teñen estas enquisas para os procesos de mellora da calidade.

Respecto á enquisa sobre o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, no curso 2020-2021 a valoración foi de 3.26 sobre 5 (similar á do curso 2015-2016, no que fora de 3,45) [IN42M]. Se se compara co último dato dispoñible relativo o curso 2018-2019, no que a valoración fora moi positiva cunha puntuación de 4.74 sobre 5, constatase un importante descenso da mesma. Como en outros indicadores, tamén neste caso parece que puido xogar un papel importante a enorme complexidade das circunstancias xerada pola crisis sanitaria que condicionou o transcurso do ano académico. A isto hai que engadir que esta enquisa é contestada por moi poucos egresados: posiblemente o feito de que se remita aos estudantes cando xa está rematado o curso académico, momento no que os alumnos están a buscar saídas para o seu futuro académico e laboral, explicaría a falta de disposición dos estudantes para contestala. En todo caso, o número de enquisas moi reducido converte este índice en pouco representativo como para poder extraer conclusións fiables. De feito, a inexistencia de datos para os cursos 2016-2017, 2017-2018 e 2019-2020 débese a ausencia de participación

Pola súa parte, a satisfacción do profesorado coa docencia impartida no curso 2020-2021 recibe unha valoración de 4.18, o que supón unha taxa moi similar a do 2019-2020, que fora dun 4,24 e algo inferior a do 2018-2019, no que se acadara un 4,41. A valoración é moi positiva, se se teñen en conta as excepcionais condicións nas que se desenvolveu a docencia durante todo o curso e as sucesivas medidas e restricións ás que deberon adaptarse (IN47M), e confirma a tendencia ascendente deste aspecto. Comparando estes dous datos cos de toda a serie dende o curso 2015-2016, advírtese unha escasa variación na valoración do profesorado, manténdose sempre entre 4 e 4.5, a excepción do curso 2016-2017, no que se quedou lixeiramente por debaixo, cun 3.98.

Por outra banda, a enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación no curso 2020-2021 recibiu unha valoración de 4.23, superando lixeiramente o dato do curso 2019-2020, no que a puntuación fora de 4.15 (INF-23). Tamén aumentou a participación cun 46.43% fronte ó 30.00% do curso anterior, aínda que segue a ser unha taxa algo baixa.

A satisfacción coas prácticas externas do estudiantado no ano 2020-2021 foi moi positiva, acadando un 4,00 sobre 5 (IN19M), aínda que unha comparación cos datos de anos anteriores revela nestes momentos una clara tendencia descendente. No curso 2017-2018, ano no que se iniciaron as prácticas no Mestrado - a valoración fora de 4,79 e no curso 2018-2019 incluso superior cun 4,86. Porén, para o curso 2019-2020 non existen datos, porque por mor da pandemia da Covid-19 non se realizou esta enquisa. Parece que tamén a pandemia e as dificultades que se derivaron dela para o desenvolvemento idóneo das prácticas son a causa principal dese descenso no dato do curso 2020-2021, e, polo tanto, trátase dunha circunstancia puntual que seguramente se revertirá nos próximos cursos.

Polo que respecta á satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas tamén se constata unha valoración moi elevada das mesmas no curso 2020-2021 cunha puntuación de 4,40 sobre 5. (IN20M) Trátase, polo tanto, dun dato case idéntico ao do curso 2018-2019, no que os titores profesionais avaliaron as prácticas cun 4,42. Para os outros dous cursos nos que se desenvolveron prácticas externas (2017-2018 e 2019-2020) non dispoñemos de datos. A satisfacción xeneralizada dos titores coas prácticas externas reflíctese tamén en dúas preguntas que se formulan na enquisa: á pregunta de si contratarían ao estudante, o 60% respondeu afirmativamente, mentres que á pregunta de si volverían a ofertar esa praza de prácticas as respostas afirmativas foron do 100%.

Sobre a satisfacción dos titores académicos non dispoñemos de datos para o curso 2020-2021 nin para os dous cursos anteriores (2018-2019 e 2019-2020). O último dato é de 2017-2018 cun 4,20 (IN21M). Porén, dende a coordinación do Mestrado e das prácticas externas mantense un contacto regular e fluído con todos os titores académicos e de momento non se recibiu ningunha queixa nin comentario negativo sobre a organización das mesmas. Isto apunta a que a satisfacción dos titores académicos coas prácticas segue a ser destacable.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Mestrado fíxase como principal obxectivo a adquisición por parte dos graduados do nivel de capacitación máis alto e competitivo posible para afrontar todas aquelas actividades investigadoras relacionadas co patrimonio medieval europeo. Esta finalidade coa que naceu o título confírmase co alto número de estudantes que, despois de rematar os seus estudos, continúan aprofundando na liña de investigación iniciada no Mestrado ao cursar o Programa de Doutoramento en Estudos Medievais a tempo completo ou a tempo parcial.

Porén, o título non só resulta atractivo para aqueles estudantes que desexan dedicarse á investigación e iniciar unha carreira académica; tamén aporta unha boa capacitación para certas saídas profesionais como guías turísticos, persoal de traballo en museos, bibliotecas, arquivos e diferentes entidades e organismos nas que se precisa unha completa formación na Idade Media. Neste sentido, a realización das prácticas externas resulta ser tamén de grande axuda para ampliar e reforzar esta capacitación. Así mesmo, os coñecementos adquiridos contribúen en gran medida a que un numeroso grupo de egresados que participan nas oposicións de profesorado de ensino secundario de diferentes disciplinas (diversas filoloxías, historia e arte, fundamentalmente) superen as probas con éxito e gañen esa oposición.

En calquera caso, os datos concretos sobre a inserción laboral do título son escasos. Aténdonos aos indicadores aportados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, hai que sinalar o seguinte:

1.- A taxa de éxito dos egresados (IN50M) volve aumentar no curso 2020-2021 ao 98,13%, superando claramente a porcentaxe do curso 2019-2020, cando descendeu do 100% do curso 2018-2019 ao 93,17%. É de esperar que se recupere o 100% de éxito unha vez se volva á normalidade total despois da pandemia. Porén, á marxe deses puntuais descenso cómpre suñar que os valores desde 2015-2016 son moi positivos e mostran unha tendencia moi estable, pois tamén en 2015-2016 e 2016-2017 a taxa fora do 100% e no 2017-2018 baixou lixeiramente ao 95,59%.

2.- Do mesmo xeito, á taxa de eficiencia dos egresados (IN53M) tamén remonta no curso 2020-21, acadando o 94,59% fronte ao 93,17% do curso 2019-2020. No curso 2015-2016 o resultado fora dun 92,44%, o dato máis baixo da serie, no curso 2016-2017 chegouse ao 100%, no curso 2017-2018 descendeu algo ao 95,59 e no curso 2018-2019 recuperouse a taxa do 100%. Toda a serie analizada reflicte – ao igual que na taxa de éxito – que a tendencia é moi estable e non hai motivo para a preocupación, porque os descenso dos dous últimos anos no son importantes e parecen deberse ás circunstancias excepcionales a raíz da crisis sanitaria.

Os indicadores dos resultados da inserción laboral dos estudantes proporcionados pola ACSUG conteñen información da cohorte de egresados 2013-2014. O informe presenta os resultados dunha enquisa na que participaron 11 estudantes dun total de 14 titulados do Mestrado e na que se formularon catro cuestións, cuxas respostas concretas son as seguintes:

1) Estudantes que traballaron algunha vez desde a finalización do Mestrado

54,5%: traballa na actualidade

18,2%: non traballa na actualidade, pero traballou algunha vez desde a finalización do Mestrado

9,1%: non traballou desde a finalización do Mestrado, pero está a buscar emprego

18,2%: non traballou desde a finalización do Mestrado e non está a buscar emprego.

2) Tempo (en meses) desde que finalizou o Mestrado ata que atoparon o primeiro emprego

12,5%: menos de un mes

12,5%: de 1 a 3 meses

0%: de 3 a 6 meses

12,5%: de 6 a 12 meses

62,5%: máis de 12 meses

Tempo medio: 13,81 meses

3) Tempo (en meses) traballando desde que finalizou o Mestrado

25%: menos de 6 meses

50%: de 6 meses a 1 ano

12,5%: de 1 ano a 2 anos

12,5%: de 2 a 3 anos .

Tempo medio: 10,88 meses

4) Tempo (en meses) traballando desde que finalizou o Mestrado nun emprego relacionado co Mestrado

50%: menos de 6 meses

25%: de 6 meses a 1 ano

12,5%: de 1 a 2 anos

12,5%: de 2 a 3 anos.

Tempo medio: 6,88 meses

Ao tratarse dunha enquisa feita tan só cunha cohorte de egresados, en concreto a do curso 2013-2014, os resultados non parecen ser moi significativos. En todo caso, do informe pódense extraer as seguintes conclusións:

1. A taxa de inserción laboral non é demasiado alta, pois tan só atopou traballo o 54,5% dos estudantes desde a finalización dos estudos no Mestrado.
2. Ata que a maioría dos estudantes topa o primeiro emprego transcurre un tempo considerable. Un 62,5% necesitou máis de 12 meses e o tempo medio acércase aos 14. Unha comparativa cos outros Mestrados que participaron na enquisa revela que o Mestrado en Estudos Medievais é un dos títulos, cuxos egresados necesitan máis tempo para atopar o primeiro emprego.
3. Dase unha destacada temporalidade nos postos de traballo, pois a maioría dos estudantes traballaron menos de 6 meses ou ata un 1 como máximo desde a finalización dos seus estudos no título. Tan só un 25% conseguiu estar empregado de 1 a 3 anos. Esa temporalidade agrávase incluso cando se trata de empregos relacionados cos estudos do Mestrado, nos que a duración media dos contratos é inferior a 7 meses.

De todos modos, hai que dicir que a tendencia á baixa inserción laboral e á temporalidade non só afecta a este título, senon aos Mestrados de Humanidades en xeral. A isto cabe engadir que, ao ser o título un Mestrado de investigación, estes datos deberían estar orientados a unha franxa temporal máis ampla, dado que a traxectoria investigadora dilátase cada vez máis.

| 3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS | |
|--|----------------------|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

| 4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|--|----|---|---------------------------------------|
| Critérios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Enlace web ou PDF |
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD) |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.16_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.CiUG_2020-2021 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4311760_I2_2020-2021 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.03_2020-2021 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | Web da USC |
| | | | Web do Centro |
| | | | Web do Título |

| | | | |
|--|-----|---|--|
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | Web do Centro |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes |
| Todos | 14 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.04_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.05_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.06_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.07_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.08_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.09_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.10_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.11_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.13_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.14_2020-2021 |
| | | | 5040_INF.21_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.22_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.23_2020-2021 |
| 4311760_Informe_de_indicadores_2020-2021 | | | |
| 3 | 15 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 4311760_Informe_de_indicadores_2020-2021 |

| | | | |
|---|-----|---|---|
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4311760_E15_2020-2021 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5040_E16_2020-2021 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...) | Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-17_2020-2021 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5040_I6-17_2020-2021 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...) | 4311760_INF.13_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.14_2020-2021 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5040_I10_2020-2021 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Web do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida | Web do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Enlace web ou PDF |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Enlace web ou PDF |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 4311760_INF.15_2020-2021 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título | Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes |

| | | | |
|-------|-----|---|---|
| | | (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.17_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.18_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.19_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF_SIIU_2020-2021 |
| | | | 4311760_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 4311760_P.Ind_2020-2021 |
| | | | 4311760_INF.CiUG_2020-2021 |
| | | | 4311760_Informe_de_indicadores_2020-2021 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 4311760_EIL-SIIU_2020-2021 4311760_EIL-ACSUG_2020-2021 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) | 4311760_P.Ind_2020-2021 4311760_Informe_de_indicadores_2020-2021 4311760_MedUSC_2020-2021 |

Sistema de xestión Máster Universitario en Estudos Medievais Europeos: Imaxes, Textos e Contextos.

Finalización do proceso previsto 20 Decembro 2022

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Emilio González Miranda

Análise da(s) causa(s) Nos últimos anos estanse incorporando ao Master en Estudos Medievais estudantes de procedencia sobre todo asiática que, aínda que acreditan o nivel de lingua esixido para cursar estudos na USC, na práctica presentan deficiencias importantes nas aptitudes lingüísticas tanto a nivel oral coma escrito. Ademáis, carecen en ocasións de coñecementos básicos no que atinxe ao medievo para poder cursar con certas garantías de éxito estes estudos.

Descrición da proposta Implantar como ferramenta no proceso de admisión do estudantado ao Máster en Estudos Medievais unha entrevista a fin de poder avaliar os coñecementos e as aptitudes concretas de certo estudantado.

| Solución proposta | Responsable | Estado | Data requerida |
|--|-------------------------|--------|----------------|
| MEM-1.1 - Aprobar polos órganos competentes a entrevista como procedemento de admisión no Mestrado como paso previo á modificación da memoria do Título. | Emilio González Miranda | Activa | 20/12/2022 |
| MEM-1.2 - Elaborar unha guía ou modelo de preguntas que sirva de orientación aos membros da Comisión que vaian realizar a entrevista ao estudantado. | Emilio González Miranda | Activa | 20/12/2022 |

Activa

REUNIÓN ORDINARIA 14/09/2020

Reunión ordinaria da Comisión do Título do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: Imaxes, textos, contextos* do luns día 14 de setembro de 2020, en primeira convocatoria ás 9:30 h e en segunda convocatoria ás 10:00 h. Ábrese a sesión ás 10:00 h. na Sala B13 da facultade de filoloxía e a través da plataforma MS Teams.

Membros presentes: Elías José Feijó Torres (Presidente da Comisión Académica), David Chao Castro (coordinador do Mestrado), Emilio González Miranda (secretario da Comisión do Título), José Carracedo Fraga, Esther Corral Díaz, Laurence Malingret, Elvira Fidalgo Francisco, Israel Sanmartín Barros, Laura Torres Ortega, Josefa Vázquez Docampo.

Escusaron a súa ausencia Marta Cendón Fernández e Alexandra Iglesias Cortés.

Consonte á seguinte Orde do Día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.

A Comisión Académica aproba as actas das reunións anteriores.

2. Informe do Coordinador do Mestrado

O coordinador comeza o seu informe agradecendo á equipa decanal e ao profesorado do Mestrado que desenvolveu a súa docencia durante o estado de alarma, a súa dedicación e o seu traballo durante eses meses.

A continuación o coordinador comenta que os estudantes puideron realizar as prácticas externas, pese ás dificultades xurdidas pola situación do estado de alarma que obrigaron a extendelas nalgún caso ata o mes de setembro. O coordinador expresa o seu agradecemento aos estudantes en nome das institucións receptoras polo comportamento exemplar que mostraron en todo momento.

Nun seguinte punto o coordinador informa sobre o desenvolvemento da defensa dos TFM. Presentáronse 13 alumnos, dos cales 2 foron cualificados con Suspenso. Con relación á matrícula do curso 2020-2021 o coordinador informa de que a matrícula está completa e que dous estudantes máis están pendentes de poder formalizala. Habería que ampliar, polo tanto, a matrícula para eses dous estudantes.

A continuación o coordinador expresa o seu agradecemento á facultade de filoloxía que puxo a disposición do Mestrado a aula C7 para desenvolver a docencia no primeiro cuatrimestre. Isto permite que todas as clases das 5 materias que se imparten na facultade poidan ser presenciais.

O coordinador pregunta de seguido se en certos supostos os alumnos teñen dereito á docencia a través da plataforma MS Teams (por ex. por enfermidade ou por causa de forza maior). O presidente da comisión, Elías J. Feijó Torres, responde que non

Ile consta que nestes casos o docente estea obrigado a transmitir a docencia por MS Teams. Por causa de forza maior o estudante tería que pedir unha dispensa, xa que na facultade de filoloxía non hai docencia telemática síncrona.

O coordinador comenta a continuación que un alumno que se atopa no estranxeiro ten a intención de realizar o doutoramento en Estudos Medievais e debe cursar dúas materias complementarias do Mestrado. Porén, debido á situación de pandemia ten prohibida a saída do país. O coordinador pregunta se neste caso non cabería a posibilidade de autorizar unha asistencia por MS Teams. Elías J. Feijó Torres responde que o estudante en cuestión ten a alternativa da dispensa oficial se non pode asistir de maneira presencial; desta maneira se lle ofrecería unha alternativa de avaliación. O profesor podería acordar co estudante de maneira extraoficial unha asistencia por Teams, pero oficialmente o alumno tería unha dispensa e non tería que asistir ás clases.

Nun seguinte punto o coordinador informa de que logo da solicitude da profesora María Isabel Morán Cabanas presentada á comisión académica, o Mestrado decidiu outorgar o seu apoio á creación da GLOBAL-CUEG - Cátedra UNESCO de Estudos Globais na Universidade Nova de Lisboa.

Como último punto do informe o coordinador expresa o seu agradecemento, en primeiro lugar, ós catro profesores que se xubilan (Mercedes Brea López, José Manuel Díaz de Bustamante, María Isabel González Fernández e Ermelindo Casimiro Portela Silva) polos servizos prestados ó Mestrado; en segundo lugar, agradece á equipa decanal, en especial a Calidade pola axuda prestada para elaborar o informe de seguimento do Mestrado; e, en último lugar, da as grazas tamén á anterior coordinadora do Mestrado, Esther Corral Díaz, e a toda a comisión académica polo seu apoio e dedicación exemplar durante o seu ano de coordinación.

3. Designación da nova Coordinadora do Mestrado

A comisión aproba designar como nova coordinadora do Mestrado a D.^a M.^a Dolores Barral Rivadulla en substitución de D. David Chao Castro.

4. Outros asuntos

Non hai.

5. Rogos e preguntas.

O presidente da comisión, Elías J. Feijó Torres, quere dar as grazas no nome da equipa decanal ó coordinador saínte, David Chao Castro, pola cordialidade e eficacia no seu labor de coordinación do Mestrado. Asimesmo únese ao agradecemento ós que se xubilan. E, por último, desexa felicitar á comisión e ao Mestrado en conxunto polo seu bo funcionamento que se reflexa, por exemplo, no número de estudantes matriculados.

COMISIÓN DO TÍTULO

Curso 2020-2021

David Chao Castro expresa tamén un último agradecemento á responsable da unidade de apoio á Xestión de Centros e Departamentos, Josefa Vázquez Docampo, polo seu esforzo e apoio constante na xestión do Mestrado.

Israel Sanmartín Barros comenta que o profesor José Miguel Andrade Cernadas, que imparte 2 créditos na materia 'A Europa Medieval. Perspectiva Histórico-Social', ten problemas de mobilidade. Tal circunstancia podería converterse nun problema a hora da impartición das aulas, se non existe a posibilidade de transmitir a docencia a través de MS Teams. Elías J. Feijó Torres opina que haberá que falar con él para adaptar da mellor maneira posible a impartición da docencia ás súas circunstancias. De non poder executar unha docencia presencial, tería que facelo naturalmente por MS Teams. Nese caso a comisión xustificaríaio por escrito para que poida impartir de maneira virtual.

E sen outros asuntos a tratar, levántase a sesión ás 11:18 h.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN DO TÍTULO

O COORDINADOR DO
MESTRADO

Asdo.: *Elías José Feijó Torres*

Asdo.: *David Chao Castro*

O SECRETARIO DA COMISIÓN DO TÍTULO

Asdo.: *Emilio González Miranda*

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ELIAS JOSE FEIJO TORRES, DECANO A DA FACULTADE DE FILOLOXIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/01/2022 12:23:24.

Asinante/Firmante/Signer: EMILIO GONZÁLEZ MIRANDA, NIF ***1736**, 13/01/2022 12:08:17.

CSV: E3F6-808B-4A8F-BDAE

REUNIÓN ORDINARIA VIRTUAL SÍNCRONA 19/01/2021

Reunión ordinaria da Comisión do Título do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: Imaxes, textos, contextos* do martes día 19 de xaneiro de 2021, en convocatoria única ás 11:30 h. Ábrese a sesión ás 11:30 h. a través da plataforma MS Teams no Canal 'Reunións Comisión Mestrado EME'.

Membros presentes: Elias José Feijó Torres (Presidente da Comisión Académica), Dolores Barral Rivadulla (coordinadora do Mestrado), Emilio González Miranda (secretario da Comisión do Título), José Carracedo Fraga, Marta Cendón Fernández, Esther Corral Díaz, Elvira Fidalgo Francisco, Laurence Malingret, Israel Sanmartín Barros, Tatiana Grela Tubío, Alexandra Iglesias Cortés, Rosalía Meitín Suárez.

Consonte á seguinte Orde do Día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.

A Comisión Académica aproba as actas das reunións anteriores.

2. Informe da Coordinadora do Mestrado

A coordinadora comeza o seu informe felicitando á facultade polo bo trato e a organización exemplar da docencia durante o primeiro cuadrimestre de docencia. Tamén expresa o seu agradecemento ás representantes do estudantado por ofrecer a súa axuda en todo momento aos profesores para que as clases se puideran transmitir tamén a través de plataforma MS Teams para aquel estudantado que por diversas razóns non podían asistir ás aulas presenciais.

No que atinxe ao segundo cuadrimestre a coordinadora apunta que poden xurdir problemas co desenvolvemento das aulas no caso de que o toque de queda se adiante ás 20:00, porque o horario de aulas é ata as 20:30 h. Informa así mesmo que nestes momentos hai 2 estudantes que están en corentena. Por iso é conveniente que se sigan transmitindo as aulas presenciais por MS Teams.

Nun seguinte punto do informe a coordinadora comenta que, excepto no mes de xaneiro, na facultade de Xeografía e Historia probablemente non sexa posible a docencia presencial durante o segundo cuadrimestre debido á falta de dispoñibilidade de espazos. A docencia deberá transmitirse nese caso a través de MS Teams naquelas materias que se ían impartir nesa facultade.

A continuación, a coordinadora informa da actualización da web da universidade e do enlace directo á web propia.

Nun seguinte punto a coordinadora comenta que xa se recibiron 4 solicitudes de información de estudantes que mostraron interese en matricularse no Mestrado no vindeiro curso.

No que atinxe ao mantemento da web propia do Mestrado a coordinadora informa de que dende o mes de novembro José Luis Carballo Penela (Coque) encárgase da súa actualización ata finais do presente curso académico.

Respecto á organización do curso de ferramentas para o estudo da Idade Media, a coordinadora comenta que se impartiu no salón de graos e tamén a través de MS Teams. Anotáronse 16 alumnos e a súa sobre o curso foi moi positiva. Sería, polo tanto, recomendable repetir a experiencia o próximo ano.

Nun seguinte punto a coordinadora comenta que os estudantes con dispensa oficial de asistencia ás aulas deberían ser titorizados en todo momento polo/-a coordinador/-a das materias respectivas para regular a súa carga de traballo. Durante o presente curso houbo queixas neste sentido por parte dalgún estudantado. Por iso a coordinadora opina que no futuro débese coidar este aspecto para que a carga de traballo deste estudantado sexa razonable.

Por último, a coordinadora informa de que fai uns días autorizouse un cambio de matrícula dun estudante do Mestrado.

Toma a continuación a palabra o presidente da comisión, Elías Feijó Torres, reiterando o apoio económico-loxístico da facultade de Filoloxía ao Mestrado. Así, mantense o compromiso de destinar un mínimo de 1200 €, coa posibilidade de aumentar ese presuposto en outros 1200 € se fose necesario. A xestión levaraa probablemente o propio decanato, para así evitar o recorte do 50% que se produciu este ano. Se só se traballase coa conta do Mestrado a capacidade de manobra sería menor no caso de que houberse recortes.

O presidente da comisión reitera tamén o ofrecemento da infraestrutura da facultade de filoloxía para impartir as aulas durante o segundo cuadrimestre, no caso de que na facultade de Xeografía de Historia finalmente non se puidese organizar a docencia.

No que atinxe á problemática no horario de aulas que podería xurdir se se adiantase o toque de queda ás 20:00, Elías Torres di que podería haber dúas solucións: ou ben impartir aulas de 16:00 a 17:30 e a continuación de 18:00 a 19:30 , acortando así media hora as aulas nas dúas sesións, ou ben reducir as aulas por día e impartir máis aulas ao longo do cuadrimestre.

O presidente da comisión informa tamén de que se vai activar próximamente a comisión de Mestrados. Esta comisión terá unha forte carga planificadora de recursos técnicos, de formación, etc., co fin de dotar ao estudantado e ao profesorado dos recursos que se estimen oportunos. Neste sentido invita á

Comisión a que vaia pensando xa nun investimento do diñeiro que a facultade destinará ao Mestrado para planificar coa suficiente antelación

Respecto ás dispensas académicas o presidente da comisión opina que se debe diseñar un programa alternativo proporcionado á carga docente da materia para así evitar as queixas deste estudantado, e que éste debería porse en contacto con todo o profesorado.

No nome das dúas representantes do estudantado, Tatiana Grela Tubío, ofrece a súa axuda para solucionar certos problemas de comunicación que puidesen xurdir cos estudantes que teñen dispensa académica. Respecto ao posible adianto do toque de queda, Tatiana Grela opina que segundo a proposta do presidente da comisión os horarios quedarían moi xustos. Pero, ao teren os grupos do 2º cuadrimestre menos estudantes, ao mellor poderían facerse axustes concretos nas materias e mover os horarios en cada caso. O ideal, en todo caso, sería non ter que mover os horarios. Elías contesta que o problema é que o centro tería que pechar e que, polo tanto, non cabería ningún tipo de xustificación para manter o horario máis aló das 20:00 h. Como opción alternativa, Tatiana Grela formula tamén a posibilidade de que a segunda sesión docente de 18:30 a 20:30 se puidese impartir de maneira virtual.

No que atinxe á situación da docencia na facultade de Xeografía e Historia, Tatiana Grela coincide coa coordinadora en que a partires de febreiro non será posible impartir aulas nesa facultade. Por iso cree que se deberían trasladar as aulas á facultade de Filoloxía.

Laurence Malingret apunta que desde Calidade solicitan que se publiquen as enquisas. Por iso pregunta se se van manter as enquisas no Mestrado e se se actualizan as de elaboración propia, porque habería que publicalas.

Esther Corral apunta que como coordinadora elaborara no pasado unhas enquisas propias moi xerais, pero que o curso pasado 2019-2020 xa non se fixeron por parte do coordinador David Chao Castro. Engade ademáis que ela trasladara esas enquisas ao informe de acreditación.

3. Aprobación, se procede, da proposta de oferta de prazas para o vindeiro curso 2021-2022.

A comisión considera prudente manter o número de prazas ofertadas no curso 2020-2021, sobre todo polos problemas xerados pola situación de pandemia e a incertidume persistente nestes momentos no que atinxe á dispoñibilidade de espazos para poder impartir todas as aulas.

Apróbase, polo tanto, a oferta total de 24 prazas (das cales 3 resérvanse para estudantado de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior) para o vindeiro curso 2021-2022.

4. Proposta e aprobación, se procede, dos tribunais (titular e suplente) encargados de avaliar os TFMs do presente curso 2020-2021.

A comisión académica acorda nomear aos seguintes membros titulares e suplentes para conformaren o tribunal xulgador de TFMs durante o curso 2020-2021.

Membros titulares:

David Chao Castro (Área: Historia da Arte)

Santiago Gutiérrez García (Área: Filoloxía Románica)

María Luz Ríos Rodríguez (Área: Historia Medieval)

Membros suplentes:

José Miguel Andrade Cernadas (Área: Historia Medieval)

María Dolores Fraga Sampedro (Área: Historia da Arte)

María Isabel Morán Cabanas (Área: Filoloxía Portuguesa)

A coordinadora expresa o seu agradecemento aos profesores pola súa dispoñibilidade para formar parte dos tribunais.

5. Aprobación, se procede, da proposta de data única para a entrega dos traballos nas materias do Mestrado a partir do vindeiro curso 2021-2022

A coordinadora apunta que ao haber dous periodos de entrega de traballos (en novembro e xaneiro) nas materias do primeiro cuatrimestre, prodúcese un solapamento das clases da segunda parte do cuatrimestre coa realización dos traballos daquelas materias que se imparten na primeira parte do cuatrimestre. Esta circunstancia provoca un trastorno ostensible no estudantado que acumula unha carga de traballo considerable e lle impide poder adicarse de maneira axeitada ás clases das materias que se imparten na segunda parte do cuatrimestre. Sería, polo tanto, máis prudente poñer a data de entrega de todos os traballos en xaneiro,

porque desta maneira non se interrompíria o desenvolvemento e a asistencia ideal ás clases.

A comisión aproba a data única de entrega de traballos nas materias do primeiro cuatrimestre.

A coordinadora sulíña tamén que hai demasiadas clases de luns a venres. Neste sentido habería que estudar a posibilidade de reformular nun futuro os horarios do mestrado dalgunha forma, para que o reparto da carga de traballo e das clases fose máis axeitada.

Elvira Fidalgo opina que sería boa idea deixar, por exemplo, os venres libres de aulas. Neste caso, porén, habería que ver as posibilidades de concentrar toda a docencia de luns a xoves.

Ao profesor Sanmartín Barros parécelle ben eliminar as clases dos venres e recorda que, excepto no presente curso, moi condicionado pola pandemia, as clases tamén se imparten na facultade de Xeografía e Historia, circunstancia que sen dúbida axudaría a solventar posibles problemas de espacio, ao haber máis capacidade de reparto entre as dúas facultades.

6. Asuntos de trámite

Non hai.

7. Rogos e preguntas

A representante do estudiantado, Tatiana Grela Tubío, pregunta cando darán comezo as prácticas externas do Mestrado. O coordinador das prácticas externas, Emilio González, contesta que coma todos os anos as prácticas empezarán no mes de abril, despois das vacacións de Semana Santa, e que os estudantes, chegado o momento, serán informados para a súa incorporación ao centro adxudicado.

E sen outros asuntos a tratar, levántase a sesión ás 12:35 h.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN DO TÍTULO

O COORDINADOR DO
MESTRADO

Asdo.: Elías José Feijó Torres

Asdo.: David Chao Castro

O SECRETARIO DA COMISIÓN DO TÍTULO

Asdo.: Emilio González Miranda

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ELIAS JOSE FEIJO TORRES, DECANO A DA FACULTADE DE FILOLOXIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/01/2022 12:23:24.

Asinante/Firmante/Signer: EMILIO GONZÁLEZ MIRANDA, NIF ***1736**, 13/01/2022 12:08:17.

CSV: A221-B556-4BB6-A829

REUNIÓN ORDINARIA VIRTUAL SÍNCRONA 26/07/2021

Reunión ordinaria da Comisión do Título do Mestrado en *Estudos Medievais Europeos: Imaxes, textos, contextos* do luns día 26 de xullo de 2021, en convocatoria única ás 16:30 h. Ábrese a sesión ás 16:30 h. a través da plataforma MS Teams no Canal 'Reunións Comisión Mestrado EME'.

Membros presentes: Dolores Barral Rivadulla (coordinadora do Mestrado), Emilio González Miranda (secretario da Comisión do Título), Marta Cendón Fernández, Esther Corral Díaz, Elvira Fidalgo Francisco, Laurence Malingret,

Elias Torres Feijó disculpa a súa ausencia.

Consonte á seguinte Orde do Día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores.

A Comisión Académica aproba as actas das reunións anteriores.

2. Informe da Coordinadora do Mestrado

A coordinadora informa de que os tribunais de TFM da oportunidade de xullo desenvolvéronse sen ningún contratempo. Todos os estudantes que se presentaron superaron a proba e as cualificacións en termos xerais foron altas.

No que atinxe ás peticións de información sobre a matriculación no Máster, houbo varios estudantes españois e estranxeiros que se interesaron pola titulación. Entre outras cousas preguntaron en que lingua se imparte o Máster.

A continuación a coordinadora apunta que se incorporou á web do Máster a lista actualizada do profesorado para que o estudantado sepa a principios de curso quen imparte as distintas materias. Comenta ademais que nos próximos día se enviará o cuestionario do estudantado egresado.

Esther Corral informa de que o seu grupo de investigación recibiu a axuda de grupos da Xunta de Galicia. Isto permitirá financiar ao xestor da páxina web con ese orzamento, aforrando así o diñeiro que a facultade destina ao Máster e destinalo a outras actividades.

Marta Cendón opina que sería interesante incorporar á páxina web alguna información sobre a asistencia por TEAMS ás clases para aqueles estudantes que teñan dispensa oficial e non poidan asistir de maneira presencial.

Finalmente, a coordinadora apunta que o que se discute na comisión moitas veces non chega ao profesorado. Por elo considera que se debería informar dalgunha maneira ao profesorado sobre todo o que se fala e decide na Comisión Académica.

A este respecto Marta Cendón opina que os coordinadores das materias son os encargados de informar ao profesorado e, polo tanto, debería ser suficiente con que estes trasladasen as decisións tomadas pola Comisión.

3. Aprobación, se procede, das guías docentes 2021-2022

Apróbanse as guías docentes do curso 2021-2022.

4. Designación do novo coordinador

A comisión acorda designar a Emilio González Miranda como novo coordinador do Mestrado para os próximos dous cursos académicos.

5. Asuntos de trámite

Non hai.

6. Rogos e preguntas

Esther Corral expresa o seu agradecemento ao excelente traballo desenvolto pola coordinadora en circunstancias tan difíciles como as deste ano.

E sen outros asuntos a tratar, levántase a sesión ás 17:30 h.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN DO TÍTULO

A COORDINADORA DO
MESTRADO

Asdo.: Elías José Feijó Torres

Asdo.: M^a. Dolores Barral Rivadulla

O SECRETARIO DA COMISIÓN DO TÍTULO

Asdo.: Emilio González Miranda

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ELIAS JOSE FEIJO TORRES, DECANO A DA FACULTADE DE FILOLOXIA,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 13/01/2022 12:23:24.

Asinante/Firmante/Signer: EMILIO GONZÁLEZ MIRANDA, NIF ***1736**, 13/01/2022 12:08:17.

CSV: 8B50-5EFC-4130-BC7C